



# BOP

MÉRCORES, 22 DE XANEIRO DE 2025

N.º 017

## DEPUTACIÓN DE LUGO

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### ÁREA DE RÉXIME INTERIOR, PROMOCIÓN DO TERRITORIO E TURISMO. SERVIZO DE TURISMO

##### Anuncio

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 17 de xaneiro de 2025, acordou a aprobación das bases reguladoras e da convocatoria do Programa *Coñece a túa provincia* (anualidade 2025). Co fin de dar cumprimento a dito acordo, publícase o texto íntegro das bases reguladoras e procédese á convocatoria do programa:

#### **BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO PROGRAMA “COÑECE A TÚA PROVINCIA” (ANUALIDADE 2025)**

A Deputación de Lugo, de conformidade co establecido no artigo 36.1 apartado d) da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, asume competencias en materia de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, sen prexuízo das competencias que neste ámbito correspondan ás demais Administracións Públicas. Igualmente, de acordo co establecido no artigo 6º apartado a) da Lei 7/2011, de 27 de outubro, do Turismo de Galicia, as entidades locais de ámbito supramunicipal asumirán competencias no eido da promoción dos recursos turísticos e xeodestinos, segundo a definición contemplada no artigo 23.1, que se determinen dentro do seu ámbito territorial, en coordinación con todos os entes locais afectados e a Administración autonómica.

No marco das competencias sinaladas, a Deputación de Lugo convoca unha nova edición do programa *Coñece a túa provincia* co fin de contribuír á desestacionalización da oferta turística da provincia de Lugo, apoiar e dar visibilidade aos diferentes destinos e aos establecementos e profesionais que compoñen a cadea de valor do sector e servir como instrumento de sensibilización da veciñanza sobre o potencial turístico dos 67 municipios da provincia, así como da importancia do patrimonio natural e cultural como elemento que contribúe ao desenvolvemento sostible no eido económico, social e medioambiental.

#### **BASES**

##### **Primeira: obxecto**

O obxecto destas bases é a regulación da concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de excursións dentro da provincia de Lugo no marco do programa *Coñece a túa provincia* (anualidade 2025).

##### **Segunda: destinatarios e número de prazas ofertadas.**

Poderán participar neste programa todas as entidades sen ánimo de lucro legalmente constituídas e con sede na provincia de Lugo que non perderan o dereito a participar na pasada edición do 2024.

Na anualidade 2025 ofértanse un máximo de 3036 prazas.

##### **Terceira: lugar e prazo de presentación das solicitudes**

**3.1** As solicitudes dirixiranse á Presidencia da Deputación de Lugo e presentaranse a través da sede electrónica da Deputación <https://sede.deputacionlugo.org/opencms/opencms/sede>, apartado “*Trámites Xerais*”, no espazo habilitado para o programa “*Coñece a túa provincia*”. As solicitudes (de acordo co modelo que figura no Anexo I destas bases), tamén poderán presentarse no Rexistro Xeral da Deputación de Lugo onde se realizará a comprobación dos datos identificativos da persoa física ou xurídica a efectos do seu rexistro electrónico. Igualmente, as solicitudes poderán presentarse en calquera dos rexistros que menciona o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro. Se as solicitudes se presentaran na oficina de Correos, farase de acordo co artigo 31 do Real Decreto 1829/1999, de 3 de decembro, que aproba o Regulamento de prestación de Servizos Postais.

**3.2** O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles trala publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Dito prazo comezará ao día seguinte desta publicación ás 12 horas do mediodía e rematará o décimo día hábil trala publicación ás 23:59 horas. As solicitudes presentadas fóra do prazo indicado serán desestimadas.

**3.3** Cada entidade interesada poderá presentar como máximo unha solicitude nesta convocatoria. No caso de que presente máis dunha solicitude, só se terá en conta a rexistrada en primeiro lugar.

**3.4** No caso de que a solicitude non reúna os datos esixidos nestas bases, o órgano instrutor requirirá á entidade interesada que emende as faltas ou presente a documentación complementaria que corresponda no prazo de 10 días hábiles, indicándolle que, de non facelo, se terá por desistida a petición, previa resolución que se ditará de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas.

#### **Cuarta: documentación a presentar coa solicitude**

As entidades interesadas que presenten solicitude de participación no programa por primeira vez deberán achegar á instancia unha copia do NIF. Quedan exentas deste requisito as entidades que teñan participado ou solicitado participación en pasadas edicións, agás as que sufriran algún cambio a este respecto (denominación, etc.).

#### **Quinta: notificacións**

**5.1** As notificacións de resolución e doutros actos administrativos practícaranse por medios electrónicos nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común cando as solicitudes se realizen a través da sede electrónica da Deputación de Lugo. No caso de que as solicitudes se teñan presentado no Rexistro Xeral da Deputación, noutros rexistros ou nas oficinas de Correos, as notificacións practícaranse polo medio indicado na solicitude.

**5.2** No caso de notificacións telemáticas, estas entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido e entenderase rexeitada cando transcorran 10 días naturais desde que a notificación se poña á disposición da entidade interesada sen que se acceda a esta no prazo indicado.

**5.3** O sistema remitiralles ás entidades interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación se considere válida.

#### **Sexta: instrución e criterios de adjudicación das excursións.**

**6.1** A instrución do procedemento corresponderá á Deputada Delegada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo (Servizo de Turismo), sendo o órgano competente para a aprobación das listaxes de entidades admitidas e excluídas ou en agarda, así como as posibles renuncias posteriores –de ser o caso-, a Xunta de Goberno, que resolverá no prazo máximo de 2 meses.

**6.2** A orde de prelación da listaxe de entidades admitidas establecerase conforme á orde de presentación das solicitudes no correspondente rexistro, segundo a data e hora que figure na documentación, ata esgotar as prazas dispoñibles.

No caso de presentarse solicitudes nas que xunto coa data non figurase hora de entrega da documentación, estas entenderanse entregadas en último lugar na data correspondente. De haber máis dunha entidade en cuxa solicitude non figure a hora de entrega na mesma data, a orde de prelación entre estas establecerase por orde alfabética tomando como referencia a letra inicial do municipio onde teñan a súa sede (sen o correspondente artigo precedente, no seu caso). Este mesmo criterio rexerá nos casos nos que existan solicitudes coa mesma data e hora de entrega.

Para o recuento das prazas asignadas ás entidades admitidas tomarase como referencia o número máximo de participantes que indique cada entidade na súa solicitude ata esgotar as prazas dispoñibles.

**6.3** No caso de cubrirse as 3036 prazas en primeira convocatoria, elaborárase –de ser procedente-, unha listaxe de agarda coas restantes solicitudes por orde de presentación no correspondente rexistro. De ser posible dende o punto de vista organizativo, a Deputación poderá ter en conta estas solicitudes no caso de que algunha das entidades seleccionadas renunciase á súa participación no programa ou no caso de que chegasen a quedar prazas vacantes durante a execución do mesmo para formar grupo, tomando como referencia o número de prazas mínimo e máximo indicado nestas bases, así como o número de prazas solicitado polas entidades nas respectivas instancias.

**6.4** No suposto de que as prazas non se cubran en primeira convocatoria, de ser posible dende o punto de vista organizativo, a Deputación de Lugo resérvase o dereito de abrir un novo prazo de inscrición ou para ampliar a convocatoria inicial co obxecto de que as entidades que resultasen beneficiarias dentro do primeiro prazo tamén poidan solicitar unha segunda excursión.

#### **Séptima: Publicación das listaxes de solicitudes e contacto coas entidades admitidas**

A listaxe provisional das entidades admitidas e excluídas, así como a listaxe de agarda, no seu caso, será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, de acordo co establecido no artigo 45 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Contra a resolución que aprobe a listaxe provisional, os interesados poderán presentar alegacións nun prazo de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte da publicación no BOP.

De non presentarse alegacións á lista provisional, considerarase esta definitiva unha vez transcorrido o prazo sinalado anteriormente.

De existir alegacións á listaxe provisional, estas serán estimadas ou desestimadas pola Xunta de Goberno a través dunha nova resolución coa listaxe completa de entidades admitidas, excluídas e en agarda, que deberá publicarse nos mesmos termos que a listaxe provisional.

Contra a listaxe definitiva poderase interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición no prazo dun mes dende o día seguinte ao da publicación da listaxe definitiva no BOP. Alternativamente, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o xulgado contencioso- administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte das datas antes mencionadas, sen prexuízo de que se interpoña outro recurso que estimen oportuno.

O Servizo de Turismo contactará directamente coa persoa representante de cada entidade que figure como admitida na correspondente relación. O contacto inicial realizarase por teléfono coas diferentes entidades segundo a orde de admisión co fin de asignar unha data e itinerario para a excursión. No caso de que a persoa representante dalgunha entidade admitida non responda á chamada realizada polo Servizo de Turismo nos diferentes teléfonos facilitados no formulario de solicitude, contactarase deseguido coa seguinte entidade que figure na lista.

### Oitava: Condicións do programa

**8.1 Servizos incluídos:** a excursión concedida a cada entidade beneficiaria do programa *Coñece a túa provincia* incluírá o transporte para os traslados de ida e volta dende o lugar ou lugares de orixe, póliza de seguros de viaxeiros, menú de xantar, servizo de guía oficial de turismo e as entradas e visitas a diferentes lugares de interese da provincia de Lugo.

**8.2** A participación no programa *Coñece a túa provincia* (anualidade 2025) terá carácter gratuíto para as entidades beneficiarias.

**8.3 Número de participantes:** En cada excursión poderán participar un máximo de 23 persoas e un mínimo de 15. De non acadarse o mínimo de 15 persoas para formar grupo, a excursión será anulada.

**8.4 Calendario de execución:** as excursións concedidas no marco da edición 2025 do programa *“Coñece a túa provincia”* terán lugar nos meses que determine o Servizo de Turismo da Deputación de Lugo e realizaranse en días laborables (entre os luns e os venres agás festivos). En todo caso, o Servizo de Turismo da Deputación de Lugo determinará os días concretos nos que finalmente realizaranse as excursións.

A asignación de datas e itinerarios será comunicada ás entidades, ademais de por teléfono, por correo electrónico ou postal, segundo proceda, con tempo suficiente para a súa organización.

**8.5 Visitas:** os itinerarios do programa *“Coñece a túa provincia”* son os especificados no catálogo dispoñible no Anexo III destas bases, na sede electrónica da Deputación de Lugo e no apartado informativo correspondente ao programa que consta na web [turismo.deputacionlugo.gal](http://turismo.deputacionlugo.gal). En todo caso, a excursión asignada a cada entidade beneficiaria iniciárase obrigatoriamente nun centro ou dependencia da Deputación de Lugo, seguida das visitas incluídas nunha das rutas elaboradas para este programa.

As entidades interesadas indicarán opcionalmente nas súas solicitudes ata tres centros ou dependencias da Deputación de preferencia (sendo asignado un para a primeira visita da excursión) e ata un máximo de cinco rutas para realizar a excursión correspondente no marco do programa (ver Anexo III). Para obter información máis detallada sobre cada itinerario, as entidades interesadas poderán dirixirse ao Servizo de Turismo da Deputación de Lugo a través dalgún dos medios establecidos na base décimo primeira.

Dada a obrigatoriedade de visitar un centro da Deputación de Lugo ao inicio de cada itinerario e, tendo en conta a ubicación destes (no municipio de Lugo ou en Castro Ribeiras de Lea - no caso da Granxa Gayoso Castro-), os itinerarios asignaranse a cada entidade tomando como referencia o seu lugar de procedencia e o destino da excursión. Deste xeito, cando sexa posible por razóns organizativas, procurarase que os centros da Deputación queden en ruta entre o punto de orixe do grupo e o destino determinado polo itinerario escollido.

A Deputación de Lugo resérvase o dereito de poder modificar, engadir ou eliminar algúns dos lugares de visita incluídos nas rutas establecidas no Anexo III durante a execución do programa. Estes cambios serán en todo caso comunicados á persoa representante da entidade beneficiaria á que afectase o cambio realizado.

Respecto das visitas a centros e dependencias da Deputación e ás rutas sinaladas polas entidades como preferentes nas súas solicitudes, terán carácter orientativo e non serán vinculantes para a Deputación de Lugo. A tal efecto, o Servizo de Turismo resérvase o dereito de conceder outros itinerarios alternativos ás entidades participantes, dentro dos que figuran no Anexo III destas bases, aínda que non fosen expresamente sinalados como preferentes nas solicitudes.

Igualmente, tendo en conta o anteriormente sinalado, e co fin de procurar a maior representatividade de todo o territorio provincial no programa, cada itinerario poderase asignar como máximo en sete ocasións durante esta anualidade. Quedan excluídas deste cómputo as excursións concedidas a colectivos integrados por

persoas con discapacidade, asociacións de nais e pais de alumnos e aquelas outras entidades integradas maioritariamente por persoas menores de idade.

**8.6 Xantar:** o menú de xantar incluírá un primeiro prato (a escoller entre dúas opcións), un segundo prato (a escoller entre dúas opcións), sobremesa (a escoller entre dúas opcións, sendo unha delas froita), pan, as bebidas indicadas en cada excursión e café ou infusión. Os participantes terán acceso á información sobre as opcións de menú e sobre o restaurante no que terá lugar o servizo de xantar o día da excursión. No caso de que algún dos participantes requira algunha adaptación do menú, informarase desta circunstancia ao Servizo de Turismo da Deputación de Lugo como máximo 72 horas antes da excursión.

**8.7 Paradas de autobús para a recollida dos participantes:** poderanse establecer ata un máximo de tres puntos de recollida para cada grupo. Ditas paradas determinaranse definitivamente a semana anterior á excursión, podendo admitirse algún cambio excepcional ata o día laborable anterior á mesma ás 13:00 horas, sen que o día da excursión podan realizarse paradas que a entidade beneficiaria non comunicara previamente ao Servizo de Turismo da Deputación de Lugo no prazo sinalado. En todo caso, as paradas deberán estar situadas en zonas amplas e de fácil acceso e manobra para o transporte.

As paradas poderanse situar dentro dun mesmo municipio, en municipios xeográficamente limítrofes entre si, ou ben en municipios non limítrofes coa condición de que tomando como referencia a parada máis afastada do primeiro lugar de visita da xornada, as restantes queden dentro do percorrido directo a realizar polo transporte ata a chegada ao centro ou dependencia da Deputación de Lugo que abrirá o programa de cada excursión.

No caso de que os puntos de recollida non se atopen situados en municipios limítrofes, o Servizo de Turismo valorará previamente o percorrido a realizar polo transporte, reservándose o dereito de non autorizar esta modalidade de paradas en función do desvío que impliquen con relación á ruta principal.

As horas definitivas de recollida dos participantes en orixe serán confirmadas polo Servizo de Turismo da Deputación de Lugo á persoa representante da entidade beneficiaria como máximo a semana anterior á realización da excursión.

**8.8 Persoas con discapacidade:** os colectivos integrados por persoas con discapacidade informarán na solicitude sobre as posibles necesidades especiais das persoas participantes que deba coñecer a Deputación de Lugo para unha óptima organización da excursión.

No caso de que as persoas integrantes dalgunha entidade interesada no programa presenten condicións de mobilidade reducida e empreguen cadeiras de rodas, deberán facer constar esta circunstancia na solicitude de participación.

No caso de colectivos de persoas con discapacidade física, as rutas reservadas a estas entidades son exclusivamente as indicadas ao final do Anexo III destas bases baixo a rúbrica "RUTAS ACCESIBLES RESERVADAS A COLECTIVOS DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE FÍSICA".

O número máximo de persoas usuarias de cadeiras de rodas que poderán participar nunha mesma excursión empregando prazas adaptadas a persoas con mobilidade reducida no transporte será de catro. Excepcionalmente, no caso de que máis persoas do grupo puideran ser usuarias de cadeiras de rodas, o Servizo de Turismo valorará a adecuación dos medios dispoñibles no marco do programa para poder prestar o servizo.

En todo caso, as persoas con discapacidade deberán ir acompañadas por persoal de asistencia cando o precisen. Este persoal encargarase de realizar unha labor de apoio permanente en todo o que estas persoas puideran precisar, incluíndo- cando proceda-, o levantamento e transferencia das persoas participantes entre a cadeira de rodas e a butaca do autobús, apoio na anclaxe de cadeiras de rodas nas prazas adaptadas, etc. Este persoal de apoio ocupará praza e deberá exercer en todo momento durante a xornada da excursión a súa labor. Dende a Deputación de Lugo non se proporcionará ás entidades participantes persoal de asistencia.

**8.9 Menores de idade:** no caso de participar menores de idade nalgunha das excursións, estes deberán ir acompañados en todo momento por adultos, que serán os responsables da súa vixilancia e seguridade. Requirirase como mínimo un adulto por cada dez menores ou fracción. A persoa representante ou interlocutora de cada entidade participante será responsable de obter as oportunas autorizacións dos pais, nais ou representantes legais das persoas menores de idade para a súa participación na excursión.

**8.10 Realización e difusión de fotografías e vídeos:** durante o desenvolvemento das excursións, o persoal de acompañamento (guías) tomará fotografías ou realizará gravacións. A Deputación de Lugo resérvase o dereito de difundir por calquera medio estas imaxes. No caso de que formen parte do grupo menores de idade, a persoa representante de cada entidade participante será responsable de obter as oportunas autorizacións dos pais/nais ou representantes legais das persoas menores de idade.

**8.11 Penalizacións:** no caso de que as entidades beneficiarias cancelen a excursión o mesmo día da súa realización sen causa xustificada de forza maior, ou no caso de que nesa mesma data prodúzase un número de baixas superior a un terzo do número de participantes confirmado a semana anterior á realización da actividade (sempre co límite de 15 persoas para poder realizar a excursión) e tamén sen causa xustificada de

forza maior, perderán o dereito a participar na seguinte edición do programa *Coñece a túa provincia*. A tal efecto, as causas de forza maior xustificadas, no seu caso, para cancelar a excursión sen a perda de dereito referida, deberán ter unha afectación manifesta e directa no conxunto do grupo e non só en determinados integrantes de maneira individual.

#### **Novena: Obrigas das entidades e persoas participantes**

**9.1** Cada entidade beneficiaria designará unha persoa representante que se encargará das comunicacións co Servizo de Turismo da Deputación de Lugo. Esta persoa terá corresponsabilidade na organización da excursión e deberá aportar ao Servizo de Turismo da Deputación de Lugo toda a información relativa ás características e necesidades especiais do grupo, de ser o caso, para un óptimo deseño e desenvolvemento do programa de cada excursión.

**9.2** As entidades beneficiarias encargaranse de conformar os grupos de participantes nas excursións correspondentes na forma en que mellor conveña para a súa organización. Neste sentido, será potestativo que todas as persoas que asistan á excursión sexan membros asociados á entidade beneficiaria se así o determinan os seus representantes, toda vez que se cumpran as restantes condicións sinaladas nestas bases.

Igualmente, cada entidade beneficiaria responsabilizarase de informar ás persoas participantes das características do itinerario asignado no que se refire ás visitas comprendidas no mesmo, grado de dificultade e recomendacións prácticas para a súa realización, información que previamente será facilitada dende o Servizo de Turismo da Deputación de Lugo.

En todo caso, unha semana antes da excursión, a persoa que actúe en representación da entidade beneficiaria no marco do programa proporcionará ao Servizo de Turismo da Deputación de Lugo a través do enderezo de correo electrónico [atuaprovincia@deputacionlugo.org](mailto:atuaprovincia@deputacionlugo.org) ou por calquera outro medio no que quede constancia escrita, o dato relativo ao número de persoas que participarán na excursión correspondente (que non poderá superar o máximo sinalado na solicitude nin ser inferior a 15), os seus nomes, apelidos e nº de DNI, así como información detallada sobre posibles necesidades especiais das persoas participantes. A Deputación de Lugo non se fai responsable de eventuais erros na organización que se deriven dunha falta de información precisa e detallada sobre este extremo. Con posterioridade ao envío da lista de participantes, admitiranse cambios puntuais na mesma ata o día hábil anterior á excursión ás 13:00 horas.

**9.3** A persoa que asista á excursión en calidade de responsable de grupo asinará unha declaración responsable de participación na que constará o seu nome e nº de DNI, denominación da entidade e o número de persoas que participaron no programa na data correspondente. O documento será proporcionado pola persoa que exerza como guía.

**9.4** Dado o carácter gratuíto no programa *Coñece a túa provincia* (anualidade 2025), as entidades beneficiarias non poderán cobrar un prezo ás persoas participantes pola asistencia ás excursións.

**9.5** O gasto ou consumo realizado a maiores dos servizos incluídos nas excursións do programa correrá por conta das persoas participantes.

**9.6** A solicitude de participación no programa *Coñece a túa provincia* implica a aceptación directa destas bases e da participación no programa, no caso de resultar beneficiario.

**9.7 Renuncia:** no caso de que a entidade beneficiaria decida renunciar ao programa ou non reúna a cantidade mínima de participantes esixida, deberá presentar por rexistro cuberto e asinado o modelo de renuncia que figura no Anexo II destas bases reguladoras no prazo máximo de sete días hábiles antes da data excursión. No caso de que a renuncia prodúzase nun prazo inferior ao indicado, a entidade perderá o dereito de participar na seguinte edición do programa, agás que a renuncia sexa debida a causas de forza maior xustificadas nos termos da base 8.11.

**9.8** As persoas representantes das entidades interesadas neste programa serán responsables da veracidade dos datos que figuran na solicitude de participación.

#### **Décima: Orzamento do programa**

A contía consignada para a anualidade 2025 do Programa *Coñece a túa provincia* ascende a un total de 204.626,40 euros con cargo á aplicación orzamentaria 4320.22799.

A contía do programa será financiada integramente pola Deputación de Lugo.

#### **Décimo primeira: Consultas e comunicación**

As entidades interesadas no programa poderán formular as súas consultas ao Servizo de Turismo da Deputación de Lugo a través do enderezo de correo electrónico [atuaprovincia@deputacionlugo.org](mailto:atuaprovincia@deputacionlugo.org) ou nos teléfonos 982260234/982260011, de luns a venres laborables de 9:00 a 14:30 horas. Igualmente, calquera incidencia que se advirta sobre o bo desenvolvemento do programa durante a súa execución deberá comunicarse ao Servizo de Turismo no enderezo de correo electrónico indicado.

**Décimo segunda: Protección de datos**

Os datos de carácter persoal que consten nas solicitudes e nas relacións de participantes aportadas polas entidades beneficiarias serán tratados pola Deputación de Lugo e incorporados á actividade de tratamento "Xestión do programa Coñece a túa provincia", cuxa finalidade é a tramitación das solicitudes e comunicacións relativas a dito programa. A lexitimación desta finalidade está baseada no cumprimento dunha misión realizada no interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento.

Non está prevista a cesión de datos a terceiros.

Os datos persoais proporcionados conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se obtiveron e para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación.

Para solicitar o acceso, a rectificación, supresión ou limitación do tratamento de datos persoais ou para oporse ao tratamento, no caso de que se den os requisitos establecidos no Regulamento Xeral de Protección de Datos, así como na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, pode dirixir un escrito ao responsable do tratamento, neste caso, a Deputación de Lugo, Rúa San Marcos, 8 - 27001 Lugo ou na sede electrónica da Deputación de Lugo (<https://sede.deputacionlugo.org>).

Datos de contacto do DPD: [dpd@deputacionlugo.org](mailto:dpd@deputacionlugo.org)

A información adicional relativa á protección de datos pode consultarse na seguinte ligazón:

[http://deputacionlugo.gal/rexistro\\_actividades\\_tratamento/conhece\\_a\\_tua\\_provincia](http://deputacionlugo.gal/rexistro_actividades_tratamento/conhece_a_tua_provincia)

**Décimo terceira: Outra normativa de aplicación:**

O programa *Coñece a túa provincia* rexerese, no non regulado expresamente nestas bases, pola seguinte normativa:

- Pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Pola Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local.
- Pola Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso- administrativa.
- Pola Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

**ANEXO I: FORMULARIO DE SOLICITUDE****DATOS DA ENTIDADE:**

NOME:	NIF:
ENDEREZO/LOCALIDADE:	C.P.:
MUNICIPIO:	TELÉFONO:
E-MAIL:	

**DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE**

NOME E APELIDOS:	D.N.I.:
CARGO NA ENTIDADE:	
E-MAIL:	TELÉFONO:

**DATOS DA PERSOA INTERLOCUTORA ANTE A DEPUTACIÓN DE LUGO PARA A ORGANIZACIÓN DA EXCURSIÓN (cobrir só no caso de que sexa unha persoa distinta á representante anteriormente indicada)**

NOME E APELIDOS:	D.N.I.:
CARGO NA ENTIDADE:	
E-MAIL:	TELÉFONO:

**Medio de notificacións:**

- Correo ordinario
- Telemático

**Solicita:**

A concesión dunha excursión no marco do programa “COÑECE A TÚA PROVINCIA” (anualidade 2025), para un máximo de \_\_\_\_\_ persoas. (O número mínimo de participantes será de 15 e o máximo de 23, de acordo coa base 8.3).

**Os itinerarios de preferencia para a participación no programa “COÑECE A TÚA PROVINCIA” na excursión solicitada son:**

*1ª VISITA OBRIGATORIA A CENTRO OU DEPENDENCIA DA DEPUTACIÓN DE LUGO: (sinale optativamente ata 3 opcións de acordo coa base 8.5).*

- Pazo de San Marcos.
- Produtora de audiovisuais.
- Mazo de Santa Comba.
- Centro de Interpretación Terras do Miño.
- Granxa Gayoso Castro.

**ITINERARIO** (Indique ata un máximo de 5 opcións. Sinale o nº de ruta de acordo coa relación publicada no Anexo III das bases reguladoras do programa).






**Asistirán menores de idade:**

SI

NON

**OBSERVACIÓNS** -indicar no caso de que asistan persoas con discapacidade, intolerancias alimentarias e/ou persoas con mobilidade reducida usuarias de cadeiras de rodas (ata un máximo de catro, sen prexuízo do establecido na base 8.8), para a súa valoración por parte do Servizo de Turismo da Deputación de Lugo. Igualmente, deberá facerse constar calquera outra circunstancia que se considere relevante para unha óptima organización da excursión:-

**Declaro baixo a miña responsabilidade:**

- Que os datos que figuran nesta solicitude son certos.
- Que coñezo as bases da convocatoria, en especial as condicións do programa (base oitava) e as obrigas que nelas se inclúen para entidades e persoas participantes (base novena).

**PROTECCIÓN DE DATOS:**

<b>Responsable do tratamento</b>	Deputación de Lugo. Servizo de Turismo
<b>Finalidade</b>	Tramitación das solicitudes e comunicacións relativas ao programa "COÑECE A TÚA PROVINCIA"
<b>Lexitimación</b>	Tratamento necesario para o cumprimento dunha misión realizada no interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento
<b>Destinatarios</b>	Non previstos
<b>Exercicio de dereitos</b>	Acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento.
<b>Procedencia</b>	O propio interesado ou o seu representante legal

Para información adicional relativa á protección dos seus datos, por favor, consulte o enlace web seguinte:

[http://deputacionlugo.gal/rexistro\\_actividades\\_tratamento/conhece\\_a\\_tua\\_provincia](http://deputacionlugo.gal/rexistro_actividades_tratamento/conhece_a_tua_provincia)

(Sinatura)

**ILMO. SR. PRESIDENTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN DE LUGO**



**ANEXO II**

**FORMULARIO DE RENUNCIA**

**DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE LEGAL DA ENTIDADE**

NOME E APELIDOS:		D.N.I.:
DENOMINACIÓN DA ENTIDADE:		
N.I.F.:	CARGO NA ENTIDADE:	
E-MAIL:		TELÉFONO:

**Renuncio:**

Á excursión concedida dentro do programa "Coñece a túa provincia" para o día \_\_\_do mes de \_\_\_\_\_ de 2025.

Motivo da renuncia: \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2025

(Sinatura)

**ANEXO III: CATÁLOGO DE RUTAS****1º.- UNHA VISITA INICIAL AOS SERVIZOS E DEPENDENCIAS DA DEPUTACIÓN A ESCOLLER ENTRE:**

- Pazo de San Marcos.
- Produtora de audiovisuais.
- Granxa Gayoso Castro.
- Mazo de Santa Comba.
- Centro de Interpretación Terras do Miño.

**2º.- UNHA RUTA A ESCOLLER ENTRE:**

**RUTA 1: O VICEDO- VIVEIRO:** ruta polas principais praias do Vicedo e visita ao casco antigo de Viveiro.

**RUTA 2: XOVE:** visita ao faro de Punta Roncadoira, porto de Morás, contorna do Cabo de Morás, parque de fabricación de dolos e Portocelo. Visita á área arqueolóxica de San Tirso. Visita ás praias de Lago e Esteiro.

**RUTA 3: VIVEIRO:** visita casco antigo de Viveiro e ao obradoiro de Cerámica Regal ou ao Monumento Natural do Souto da Retorta.

**RUTA 4: CERVO:** visita á fábrica de Sargadelos e San Cibrao: praia do Torno e Museo do Mar.

**RUTA 5: BURELA:** visita ao barco-museo boniteiro Reina del Carmen. Visita á asociación de mariñeiros xubilados “A Moncloa”. Visita ao miradoiro de Monte Castelo. Visita á igrexa de Vila do Medio ou visita panorámica do litoral ata a praia da Marosa.

**RUTA 6: FOZ:** visita á vila de Foz. Panorámica do litoral polo paseo marítimo ata as praias de Llás e Peizás. Visita á la basílica de San Martiño de Mondoñedo, ao centro de interpretación de San Martiño e ao espazo Caritel.

**RUTA 7: BARREIROS E RIBADEO:** percorrido a pé por un tramo do paseo marítimo de Barreiros e visita á praia das Catedrais e Rinlo. Visita ao casco histórico de Ribadeo.

**RUTA 8: LOURENZÁ:** visita á igrexa parroquial do Mosteiro de Lourenzá, centro de interpretación da faba, fortaleza de Tovar e Cooperativa Terras da Mariña.

**RUTA 9: MONDOÑEDO:** visita ao casco antigo de Mondoñedo. Visita ao centro de interpretación do Camiño Norte e a un museo municipal (museo da imprenta ou casa- museo de Álvaro Cunqueiro). Visita ao Barrio dos Muíños, á “ponte do Pasatempo” e a un obradoiro artesán no Barrio dos Muíños.

**RUTA 10: O VALADOURO E ALFOZ:** visita ao Museo do Mel do Valadouro. Visita ao castelo de Castrodouro e á Finca Galea (Alfoz). Opcional: visita ao Pozo da Onza ou á igrexa de Santa Cruz do Valadouro no caso de non estar dispoñibles algunhas das visitas anteriores.

**RUTA 11: RIORTORTO E TRABADA:** visita a un ferreiro ou ao Mazo da Fraga en Ferreiravella. Visita ao museo etnográfico José Rocha en Trabada. Visita a un obradoiro de artesanía en Trabada.

**RUTA 12: A PONTENOVA E TRABADA:** visita aos fornos da Pontenova, área recreativa de Boulloso, miradoiro da Panda, aula da pesca e miradoiro ornitolóxico de Ría de Abres en Trabada.

**RUTA 13: MONFORTE:** visita ao Museo do Ferrocarril ou ao Pazo de Tor, visita ao conxunto monumental de San Vicente do Pino. Visita ao Centro do Viño da Ribeira Sacra. Explicación exterior do Colexio de Nosa Señora da Antiga.

**RUTA 14: SOBER:** visita á rectoral de Gundivós (demostración de olaría tradicional), visita a un miradoiro sobre o Canón do Sil. Visita a unha adega da subzona de Amandi.

**RUTA 15: SOBER E MONFORTE:** visita a un miradoiro sobre o Canón do Sil e a unha igrexa románica. Percorrido en catamarán polo Canón do Sil.

**RUTA 16: O SAVIÑAO:** visita ao Ecomuseo de Arxeriz, ao miradoiro do Cabo do Mundo II e percorrido en catamarán polo Miño dende Belesar pobo. No caso de non estar dispoñible o catamarán, visitarase unha igrexa románica e unha adega.

**RUTA 17: TABOADA- CHANTADA:** visita á igrexa de Taboada dos Freires ou á de San Pedro de Bembibre (Taboada), visita ao casco histórico de Chantada e á igrexa de San Salvador de Asma. Visita a unha adega da subzona de Chantada.

**RUTA 18: CHANTADA- O SAVIÑAO:** visita á igrexa de Santa María de Nogueira de Miño. Visita ao casco histórico de Chantada. Visita á igrexa de San Estevo de Ribas de Miño ou ao pobo de Belesar. Visita a unha adega da subzona de Chantada.

**RUTA 19: PANTÓN E CARBALLEDO:** visita ao convento do Divino Salvador de Ferreira de Pantón e á igrexa de San Miguel de Eiré. Visita ao pobo dos Peares. Explicación do encoro dos Peares. Visita a unha adega.

- RUTA 20: PORTOMARÍN E PARADELA:** visita a Portomarín e aos seus monumentos. Visita ao castro de Castromaior. Visita á igrexa de Santa María de Ferreirós no Camiño Francés.
- RUTA 21: BÓVEDA- A PROBRA DE BROLLÓN:** visita á aula forestal Os Trollos en Bóveda. Visita ao conxunto de adegas centenarias en Vilachá de Salvador, visita a unha adega en Vilachá e ao castro de San Lourenzo.
- RUTA 22: RIBAS DE SIL E QUIROGA:** visita á abadía de San Clodio e ao centro de interpretación da minería aurífera en Ribas de Sil. Visita ao Xeomiradoiro de Campodola. Visita a unha adega.
- RUTA 23: QUIROGA:** visita ao Museo Xeolóxico ou ao Museo Etnográfico. Visita a unha empresa produtora de viño e aceite de Quiroga. Visita a un obradoiro de artesanía.
- RUTA 24: O COUREL:** visita á Fundación Uxío Novoneyra e á aldea de Seceda (Folgozo do Courel). Visita ao castro da Torre ou á igrexa de San Pedro Fiz de Hospital do Incio.
- RUTA 25: PIORNEDO E NAVIA DE SUARNA.** visita á aldea de Piornedo (con entrada á palloza- museo Casa do Sesto). Visita á vila de Navia de Suarna e a unha fábrica de embutidos.
- RUTA 26: BECERREÁ E AS NOGAIS:** visita á igrexa do Convento de Penamaior. Percorrido polo bosque dos Grobos. Explicación da ponte de Cruzul. Visita ao miradoiro panorámico da Torre de Doncos. Visita á igrexa de Santo André das Nogais.
- RUTA 27: O INCIO:** visita ao encoro de Vilasouto, á igrexa de San Pedro Fiz de Hospital, ao santuario de San Eufrasio, á aldea de Ferrería, fonte mineiromedicinal e monumento ao mamut.
- RUTA 28: BALEIRA E RIBEIRA DE PIQUÍN:** visita ás áreas recreativas de Fonte e A Cortevella (Baleira), visita ao miradoiro de San Xurxo e á Fundación TerrEo na Ribeira de Piquín.
- RUTA 29: A FONSGRADA:** visita ao Museo Comarcal da Fonsagrada e a unha fábrica de embutidos. Visita á seimeira de Vilagocende.
- RUTA 30: NEGUEIRA DE MUÑIZ:** visita a unha adega e ao museo do mel.
- RUTA 31: PEDRAFITA DO CEBREIRO E TRIACASTELA:** visita á aldea do Cebreiro, ao seu santuario e palloza- museo. Visita á localidade de Triacastela.
- RUTA 32: SAMOS E SARRIA:** visita ao Mosteiro de Samos. Visita ao casco histórico de Sarria, Rúa do Porvir e museo do pan.
- RUTA 33: LUGO:** visita á muralla romana, catedral e casco histórico de Lugo, parque de Rosalía de Castro, Museo Provincial. Visita á Domus do Mitreo ou á casa dos Mosaicos.
- RUTA 34: MEIRA, CASTRO DE REI E POL:** visita ao castro e museo de Viladonga (Castro de Rei), Pedregal de Irimia e igrexa de Santa María (Meira), visita á área recreativa do Azúmara ou á igrexa de Cirio (Pol).
- RUTA 35: COSPEITO E VILALBA:** visita á lagoa de Cospeito e casco histórico de Vilalba. Visita ao Paseo dos soños. Visita á charca do Alligal.
- RUTA 36: GUITIRIZ E FRIOL:** visita á fonte de San Xoan de Lagostelle e finca do Balneario. Visita á fonte mineiromedicinal de Pardiñas. Visita a un obradoiro de cantería en Parga. Visita ao Museo de San Paio de Narla.
- RUTA 37: BEGONTE, OUTEIRO DE REI E RÁBADE:** visita ao arboretum de Galicia en Begonte ou á igrexa de Santiago de Baamonde, ponte vella de Rábade, casa das insuas e área recreativa de Penas de Rodas. Opcional: visita ao Museo de la olaría de Bonxe ou visita á Casa Museo de Manuel María
- RUTA 38: ABADÍN, A PASTORIZA E CASTRO DE REI:** visita á lagoa de Caque, breve tramo do Camiño de Santiago ata a igrexa de Santa María de Abadín, visita ao CIN de Bretoña e á lagoa de Fonmiñá na Pastoriza.
- RUTA 39: XERMADE:** visita ao parque eólico experimental de Sotavento, visita á aldea artesá da Fraga, ao “Cristo enxoiado” e á escola habanera.
- RUTA 40: MURAS E OUROL:** visita guiada pola ruta da arquitectura indiana de Oural e cemiterio de Xerdiz, visita á ferverza do río Xestosa. Parada en Muras, con visita á igrexa de San Pedro e área recreativa da Veiga.
- RUTA 41: LÁNCARA, O PÁRAMO E O CORGO:** visita ao Museo Vivo e Integrado do Campo e da locomoción agraria de Trasliste (Láncara) –MUVICLA-; visita ao conxunto de San Salvador de Castrillón e vista exterior do Pazo de Adai no Corgo. Visita á igrexa de Friolfe e campo da feira de Vilarmosteiro.
- RUTA 42: BARALLA E CASTROVERDE:** visita á igrexa de Berselos (Baralla), visita ao convento de Vilabade e torre- fortaleza (Castroverde). Breve incursión polo Camiño Primitivo ata a capela de Soutomerille (Castroverde).
- RUTA 43: GUNTÍN E PALAS DE REI:** visita á igrexa do mosteiro de Ferreira de Pallares (Guntín). Visita ao Castelo de Pambre e á igrexa de Vilar de Donas (Palas de Rei).
- RUTA 44: MONTERROSO E ANTAS DE ULLA:** visita á área recreativa da Peneda ou ao Centro de Interpretación das Feiras. Visita á aldea de Santa Mariña, á igrexa de Amoexa e á fortaleza de Amarante.

**RUTAS ACCESIBLES RESERVADAS A COLECTIVOS DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE FÍSICA**

**RUTA A: FOZ:** panorámica do litoral focense dende A Rapadoira a Peizás, visita ao CENIMA e ao taller do espazo Caritel. Explicación exterior da Basílica de San Martiño.

**RUTA B: BARREIROS E RIBADEO:** Percorrido polo Paseo Marítimo de Barreiros. Visita ao Casco Antigo de Ribadeo e á contorna de Illa Pancha.

**RUTA C: CERVO:** visita ao Museo Histórico de Sargadelos, Museo do Mar de San Cibrao e paseo marítimo da Praia do Torno.

**RUTA D: MONFORTE:** visita ao Pazo de Tor, Conxunto Monumental de San Vicente do Pino, explicación exterior do Colexio de Nosa Señora da Antiga e visita ao Centro do Viño da Ribeira Sacra.

**RUTA E: SOBER- MONFORTE:** visita á rectoral de Gundivós, visita ao Miradoiro do Duque e ao Pazo de Tor.

**RUTA F: QUIROGA- RIBAS DE SIL:** visita a un Museo Municipal en Quiroga (Xeolóxico ou Etnográfico), visita ao Centro de Interpretación da Minería Aurífera de Ribas de Sil e a unha adega.

**RUTA G: LUGO:** Visita guiada polo casco antigo de Lugo, muralla romana e Museo Provincial. Visita á Domus do Mítreo ou á Casa dos Moisaicos.

Lugo, 17 de xaneiro de 2025. O PRESIDENTE, P.D. Decreto do 04/07/2023, o deputado provincial, Pablo Rivera Capón. O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0134

**SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS***Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA**

Polo órgano competente desta Deputación foi tomado en consideración o proxecto da obra:

**.- FOZ.- ACTUACIÓN VARIAS EN LU-P-6303; LU-P-2001; LU-P-2013; LU-P-2009; LU-P-2006; LU-P-2011 E LU-P-3101**

**EXPTE GTM: 2024/CON\_02/000093**

**.- ANTAS DE ULLA.- AFIRMADO DE CAMIÑO PERIMETRAL DO PARQUE CENTRAL DE GALICIA**

**EXPTE GTM: 2024/CON\_02/000097**

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, e demais normativa de aplicación, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de VINTE (20) días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade e aos efectos establecidos no Art. 93 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de Abril e no Art. 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O devandito proxecto estará a disposición no portal de transparencia da Deputación Provincial <https://portaltransparencia.deputacionlugo.org>

Lugo, 17 de xaneiro de 2025.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0135

**CONCELLOS****ANTAS DE ULLA***Anuncio***APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA, TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DE RESIDUOS**

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional do Concello de Antas de Ulla do 28 de novembro de 2024 de aprobación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida, tratamento e eliminación de residuos.

O texto íntegro da devandita Ordenanza faise público en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

**“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA, TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DE RESIDUOS**

**ARTÍCULO 1.- Fundamento legal**

1.- *En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e seguintes do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas Locais, o Concello de Antas de Ulla impón a taxa de pola prestación do servizo de recollida domiciliaria de residuos sólidos urbanos que se rexerá pola presente ordenanza, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 132 do citado Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo.*

2.- *Polo carácter hixiénico-sanitario a recepción do servizo é obrigatoria*

**ARTIGO 2.- Feito imponible**

1. *Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo de recepción obrigatoria de recollida de lixo domiciliaria e residuos sólidos urbanos de vivendas, establecementos de hostalería e locais onde se exerzan actividades industriais ou comerciais, así como o tratamento e eliminación de residuos.*

2. *A obrigación de contribuír nace coa prestación do servizo, por ter esta a condición de obrigatoria e xeral, entendéndose utilizado polos titulares de vivendas e locais existentes na zona cuberta pola organización do servizo municipal.*

**ARTIGO 3. - Suxeito pasivo**

*Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria que soliciten, provoquen ou e cuxo interese redunde a realización da actividade que constitúe o feito imponible.*

*Están obrigados ó pago da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas física ou xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que resulten beneficiarias.*

*Terán a consideración de substitutos do contribuínte os propietarios das vivendas ou locais, quen poderán repercutir, no seu caso, sobre os respectivos beneficiarios.*

**ARTIGO 4.- Responsables**

*Responderán solidariamente ou subsidiariamente segundo corresponda das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren os artigos 41 e seguintes da Lei xeral tributaria.*

**ARTIGO 5. – Base imponible e cota tributaria**

1. *A base imponible da taxa determinarase en función da natureza e destino dos inmobles.*

2. *A cota tributaria determinarase por aplicación das seguintes*

**TARIFAS**

Concepto Importe anual

**A. RECOLLIDA DO LIXO:**

*Prestación do servizo en:*

1. *Vivendas familiares 41,00 euros*

2. *Locais industriais e comerciais 82,00 euros*

**B. TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DE RESIDUOS:**

*Prestación do servizo en:*

1. *Vivendas familiares 53,50 euros*

2. *Locais industriais e comerciais 107,50 euros*

**ARTIGO 6.- Bonificacións**

*Establécense as seguintes bonificacións:*

*- Bonificación do 40% da cota para os fogares unipersonais nos que os ingresos brutos anuais sexan iguais ou inferiores a 15.120,00 euros.*

*- Bonificación do 60% da cota para familias numerosas, familias monoparentais con alomenos un fillo a cargo, persoas beneficiarias de prestacións sociais e unidades familiares nas que un ou máis membros teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33%.*

- Bonificación do 30% da cota por participación na separación da fracción orgánica mediante a utilización do contedor marrón.

- Bonificación do 30 % da cota por participación na compostaxe doméstica ou comunitaria mediante o uso de composteiros domésticos ou comunitarios.

Nestes dous últimos supostos, por acordo da Xunta de Goberno determinará os requisitos e condicións para acreditar o motivo das bonificacións.

#### **ARTIGO 7.- Devengo**

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a prestación do servizo.

#### **ARTIGO 8.- Xestión**

1. Anualmente formarase un padrón no que figurarán os contribuintes afectados e as cuotas respectivas que se liquiden, por aplicación da presente ordenanza, o cal será exposto ó público por dez días hábiles a efectos de reclamacións previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios do Concello.

2. Transcorrido o prazo de exposición ó público, o Concello resolverá sobre as reclamacións presentadas e aprobará definitivamente o padrón que servirá de base para os documentos cobratorios correspondentes.

3. As baixas deberán cursarse, ó mais tardar, o último día laborable do respectivo período para surtir efectos a partir do seguinte. Quen incumpra tal obrigaón seguirá suxeito ó pago da taxa.

4. As altas que se produzan dentro do exercicio surtirán efecto desde a data de nacemento da obrigaón de contribuír, e pola Administración procederase a notificar ós suxeitos pasivos a liquidación correspondente á alta no padrón, coa expresión de:

a) Os elementos esenciais daquelas. Cando supoñan un incremento da base imponible respecto da declarada polo interesado a notificación deberá expresar de forma concreta os feitos e elementos que a motivan.

b) Os medios de impugnación que podan ser exercidos, con indicación de prazos e organismos en que terán que ser interpostos; e

c) Lugar, prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria.

5. As cotas liquidadas e non satisfeitas dentro do período voluntario faranse efectivas pola vía de apremio, de conformidade coas normas do Regulamento Xeral de Recadación.

#### **ARTIGO 9.- Infraccións e sancións**

1.- Será de aplicación en materia de infraccións e sancións o regulado nos artigos 178 a 212 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

2.- Tamén se estará ó previsto especialmente nos artigos pertinentes relativos ás normas de xestión do servizo.

#### **ARTIGO 10.- Actualización anual de tarifas**

As tarifas actualizaranse anualmente, con efectos do 1 de xaneiro de cada ano, aplicándoseles o incremento do IPC producido no ano anterior, aos efectos de corrixir os efectos da inflación.

#### **DISPOSICIÓN FINAL.- Aprobación, Entrada en vigor e modificación da ordenanza fiscal**

A presente Ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno deste Concello será de aplicación logo da súa publicación no BOP, conforme ao disposto no artigo 17.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, a partir do 1 de xaneiro seguinte, e continuará vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

En caso de modificación parcial desta Ordenanza Fiscal, os artigos non modificados continuarán vixentes."

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor polo interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Antas de Ulla, 17 de xaneiro de 2025.- A Alcaldesa, Pilar García Porto.

## BEGONTE

*Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA**

Aprobada provisionalmente polo Pleno desta Corporación Municipal, na sesión celebrada con data de 17 de xaneiro de 2025, a Ordenanza Fiscal Municipal Reguladora do Prezo Público pola venda de artigos e material publicitario; conforme ao establecido no artigo 17.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, expóñese ao público na secretaría municipal polo prazo de trinta días hábiles, contados desde o seguinte da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, aos efectos do exame e da presentación das reclamacións que se estimen oportunas.

No suposto de non presentarse reclamacións á mesma entenderase dito acordo elevado a definitivo.

Begonte, 17 de xaneiro de 2025.- O Alcalde- Presidente, José Ulla Rocha.

R. 0137

## CASTROVERDE

*Anuncio*

Que por resolución de alcaldía de data 15 de xaneiro de 2025, ditouse a seguinte resolución, aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar dependencia e libre concorrencia correspondente ao mes de decembro de 2024, por un importe de 8.124,79 euros 846,79 euros respectivamente. Os padróns quedarán expostos ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación no BOP, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes.

Dado que os recibos están domiciliados, enviaranse as respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas.

Así mesmo faise saber que dita publicación surtirá de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria

Castroverde, 16 de xaneiro de 2025.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 0138

## CERVO

*Anuncio*

Quedando definitivamente aprobado o Orzamento Xeral do Concello para o exercicio 2025, sen que se presentasen reclamacións ao mesmo durante o prazo de exposición ao público e que fora aprobado inicialmente por acordo do pleno en sesión extraordinaria de 20 de decembro de 2024, en cumprimento do disposto no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, que aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, faise público o resumo por capítulos que o integran:

Estado Gastos	2025	Estado Ingresos.	2025
A) OPERACIÓNS CORRENTES.	7.228.829,61€	A) OPERACIÓNS CORRENTES.	7.788.881,76€
I. GASTOS DE PERSOAL	3.823.989,61€	1. IMPOSTOS DIRECTOS.	2.749.525,09€
II. GASTOS BENS CORRENTES E SERV.	3.059.800,00€	2. IMPOSTOS INDIRECTOS.	135.000,00€
III. XUROS.	5.000,00 €	3. TAXAS E OUTROS INGRESOS	2.544.191,72€
IV. TRANSFERENZAS CORRENTES.	325.040,00 €	4. TRANSFERENCIAS CORRIENTES	2.270.960,27€
V. FONDO CONTINXENCIA	15.000€	5. INGRESOS PATRIMONIAIS	89.204,68€
B) OPERACIÓNS DE CAPITAL.	950.932,97€	B) OPERACIÓNS DE CAPITAL	390.880,82€

VI. INVESTIMENTOS REAIS.	885.932,97€	6. ENAXENACIÓN INVERSIONS REAIS	0,00 €
VII. TRANSFERENZAS DE CAPITAL	65.000,00€	7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	390.880,82€
VIII. ACTIVOS FINANCIEROS	0,00 €	8. ACTIVOS FINANCIEROS	0,00 €
IX. PASIVOS FINANCIEROS	0,00 €	9. PASIVOS FINANCIEROS	0,00 €
TOTAL	8.179.762,58€	TOTAL	8.179.762,58€

De conformidade co artigo 171 do RD Legislativo 2/2004, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia durante o prazo de dous meses a partir da publicación deste anuncio, sen prexuízo de que poida interpoñerse calquera outro que se estime conveniente.

Do mesmo xeito, e en cumprimento do artigo 127 do RD Legislativo 781/1986, faise público o cadro de persoal aprobado co orzamento.

#### PLANTILLA DE PERSOAL ANO 2025

##### A1) FUNCIONARIOS DE CARREIRA

DENOMINACIÓN DA PRAZA	Nº PRAZAS	GRUPO	ESCALAS	SUBESCALA	C. DESTINO
SECRETARIA (Vacante)	1	A1	FALHN	Secretaría	28
INTERVENCION (Vacante)	1	A1	FALHN	Intervención-Tesourería	28
TESOURERIA (Vacante)	1	A1	FALHN	Intervención-Tesorería	25
LETRADA-ASESORA	1	A1	Admón. Especial	Técnica	28
TECNICA SUPERIOR ECONOMISTA(Vacante)	1	A1	Admón. Especial	Técnica	25
TECNICO MEDIO RESPONSABLE PROXECTOS, OBRAS E URBANISMO (Vacante)	1	A2	Admón. Especial	Técnica	23
TÉCNICA MEDIA TESOUREIRA	1	A2	Admón. Especial	Técnica	23
TECNICA MEDIA DIPLOMADA EN EMPRESARIAIS	1	A2	Admón. Especial	Técnica	20
TÉCNICO MEDIO RECADADOR	1	A2	Admón. Especial	Técnica	20
TECNICO METALÚRXICO E DE SERVIZOS ESPECIAIS	1	C1	Admón. Especial	Técnica	19
ADMINISTRATIVO	1	C1	Admón. Xeral	Administrativa	20
TECNICA ESPECIALISTA INFORMATICA XESTIÓN (Vacante)	1	C1	Admón. Especial	Técnica	19
TECNICA ESPECIALISTA ADMINISTRATIVA (AREA ECONOMICO-FINANCIERA)	1	C1	Admón. Especial	Técnica	19
TECNICA ADMINISTRATIVA (AREA CULTURAL, DEPORTIVA...)	1	C1	Admón. Especial	Técnica	19
ENCARGADO XERAL DE SERVIZOS MUNICIPAIS	1	C1	Admón. Especial	Serv. Especial.	19
TÉCNICA AUXILIAR EN CULTURA E PROTOCOLO	1	C1	Admón. Especial	Técnica	17
TÉCNICO AUXILIAR AMBIENTAL	1	C1	Admón. Especial	Técnica	17
AUXILIAR ADMINISTRATIVO (Vacante)	1	C2	Admón. Xeral	Aux. Administrativo	17
CABO SERVIZO EXTINCIÓN INCENDIOS, SALVAMENTO E PROTECCIÓN CIVIL	1	C2	Admón. Especial	Serv. Especial.	18
CABO POLICIA MUNICIPAL (Vacante)	1	C1	Admón. Especial	Serv. Especial.	17



GARDAS MUNICIPAIS	1	C1	Admón. Especial	Serv. Especial.	15
	21				

## A2) FUNCIONARIOS INTERINOS

DENOMINACIÓN DA PRAZA	Nº PRAZAS	GRUPO	C. DESTINO
DIRECTOR OOOE (Vinculado ao Programa Obradoiro de Emprego "Sendas de Burela Cervo e Xove XI")	1	A2	18
ADMINISTRADOR OOOE (Vinculado ao Programa Obradoiro de Emprego "Sendas de Burela Cervo e Xove XI")	1	A2	18
MONITOR OOOE (Vinculado ao Programa Obradoiro de Emprego "Sendas de Burela Cervo e Xove XI")	3	C1	17
PEON DE SERVIZOS MÚLTIPLES (Vinculado ao Programa "Recuperación de camiños rurais tradicionais para a mellora da mobilidade peonil nas áreas rurais e interurbanas")	10	AP	10
TÉCNICO DE XESTIÓN (Funcionarios interinos por acumulación de tarefas na Secretaría Municipal)	2	A2	18

## B) PERSOAL LABORAL FIXO

DENOMINACIÓN DA PRAZA	Nº PRAZAS	GRUPO	POSTO DE TRABALLO	C. DESTINO
TRABALLADOR/A SOCIAL	2	A2	Traballadora social	20
MESTRE/A EDUCACIÓN INFANTIL XORNADA COMPLETA	1	A2	Mestre E.I.	18
MESTRE/A EDUCACIÓN INFANTIL 80% XORNADA	3	A2	Mestre E.I.	18
MESTRE/A EDUCACIÓN INFANTIL 60% XORNADA	1	A2	Mestre E.I.	18
TÉCNICO DE XESTIÓN	1	A2	Técnico de xestión	18
AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL	1	A2	Axente emprego e desenv. local	18
TÉCNICO/A DE ORIENTACIÓN E INSERCIÓN LABORAL	1	A2	Orientador/a laboral	16
Praza vinculada a proceso extraordinario de estabilización de emprego temporal				
SECRETARIA DE DIRECCIÓN	1	C1	Posto Dirección	19
ADMINISTRATIVO/A APOIO ARQUIVO	1	C1	Administrativo arquivo	19
ADMINISTRATIVO/A DE PERSOAL	1	C1	Administrativo de persoal	17
TÉCNICO/A INFORMÁTICO	1	C1	T.S. Sistemas Informáticos	17
TÉCNICO/A SUPERIOR EDUCACIÓN INFANTIL 60% XORNADA	2	C1	T.S. Educación Infantil	17
ADMINISTRATIVO/A APOIO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL E LINGÜÍSTICA	1	C1	Apoio dinamización lingüística	17
ENCARGADO DE INFORMACIÓN E REXISTRO	1	C2	Encargado de Información e Rexistro	15
ENCARGADO DE MECÁNICA (Vacante)	1	C2	Servicio mecánico	15
ENCARGADO DE OBRAS (Vacante)	1	C2	Servicio obras municipais	15
ENCARGADO ELECTRICISTA	1	C2	Encargado electricista	15
OFICIAL 1ª OFICIOS	1	C2	Traballos e servizos varios	15
SOCORRISTAS E PERSOAL APOIO SERVICIO PISCINA MUNICIPAL	1	C2	Traballos e servizos varios en piscina	15
AXUDANTE ELECTRICISTA	1	AP	Axudante electricista	14

AXUDANTE TALLERES	1	AP	Axudante de talleres	14
OPERARIOS SERVICIOS XERAIS (1 Vacante)	4	AP	Operario servizos xerais	14
CONSERXE EDIFICIOS MUNICIPAIS	1	AP	Conserxe edificios municipais	14
SOCORRISTAS E PERSOAL APOIO SERVICIO PISCINA MUNICIPAL	1	AP	Socorrista-persoal apoio piscina	14
SOCORRISTAS E PERSOAL APOIO SERVICIO PISCINA MUNICIPAL	4	AP	Socorrista-persoal apoio piscina	14
OFICIAL 1ª SERVIZO DE OBRAS	1	AP	Oficial 1ª obras	14
OFICIAL 1ª SERVIZO DE LIMPEZA VIARIA	1	AP	Oficial 1ª limpeza viaria	14
AUXILIAR DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO	3	AP	Auxiliar SAF	13
PEON GES	11	AP	Peon GES	12
2 Prazas vinculadas a proceso extraordinario de estabilización de emprego temporal				
PEON RECOLLIDA DE LIXO	1	AP	Peon recollida lixo	12
Praza vinculada a proceso extraordinario de estabilización de emprego temporal				
PEON PINTOR	1	AP	Peon pintor	12
CONSERXE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS	1	AP	Conserxe instalacións deportivas	12
CONSERXE COLEXIOS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS	1	AP	Conserxe instalacións municipais	12
PEON ALBANEL	3	AP	Peon albanel	10
PEON SANEAMENTO E RECOLLIDA DE LIXO	5	AP	Peon saneamento e recollida lixo	10
AUXILIAR DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO	4	AP	Auxiliar SAF	10
1 praza vinculada a proceso extraordinario de estabilización de emprego temporal				
OFICIAL 2º RECOLLIDA LIXO	1	AP	Servizo municipal recollida de lixo	13

68

## C) PERSOAL LABORAL TEMPORAL

DENOMINACIÓN DA PRAZA	Nº PRAZAS
T.S. EDUCACIÓN INFANTIL	2
TÉCNICO MEDIO ORIENTADOR LABORAL	1
AUXILIARES AXUDA A DOMICILIO	10
AUXILIAR POLICIA LOCAL	1
PEÓNS G.E.S.	2
ARQUITECTO TECNICO APOIO OFICINA TECNICA E OBRAS	1
SOCORRISTA	1
ALUMNO TRABALLADOR OBRADOIRO EMPREGO	20
<b>TOTAL</b>	<b>38</b>

## D) PERSOAL EVENTUAL

DENOMINACIÓN DA PRAZA	Nº PRAZAS
PERSOAL EVENTUAL EN MATERIA DE DIFUSIÓN E INFORMACION Á XUVENTUDE E COMUNICACIÓN NO EIDO LOCAL	1
TOTAL	1

Cervo, 20 de xaneiro de 2025.- A alcaldesa, Dolores García Caramés.

R. 0139

## CHANTADA

*Anuncio***BASES XERAIS****PRIMEIRO.- OBXECTO DAS BASES XERAIS.**

As presentes bases teñen por obxecto establecer as normas e procedemento xenérico para a selección de persoal laboral temporal no Concello de Chantada.

O persoal seleccionado prestará servizos, de carácter temporal, no Concello de Chantada, mediante un contrato temporal **por circunstancias imprevisibles da produción**, sendo o seu cometido levar a cabo as tarefas sinaladas o abeiro do Plan provincial único de cooperación cos concellos en 2024, promovido pola Deputación provincial de Lugo incluído no programa B3, ou calquera outra que lle poida encomendar a Alcaldía ou as concellerías delegadas, que garden relación cos postos a desempeñar.

As presentes bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, así como no Taboleiro de Editos da Casa Consistorial e na páxina web municipal: [www.concellodechantada.org](http://www.concellodechantada.org).

Estas Bases son Xerais, polo cal acudirase a cada convocatoria concreta e específica regulada a través das Bases Específicas.

**SEGUNDO.- NORMAS DE APLICACIÓN.**

Serán de aplicación a Lei 7/85, de 2 de abril, Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, o Real Decreto Lexislativo 781/86, de 18 de abril, por o que se aproba o Texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local, o Real Decreto 861/86, de 25 de abril, por o que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración Local, o Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o proceso de selección dos funcionarios da administración local, a Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, en aqueles preceptos que manteñan a súa vixencia, o Real Decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, o Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a Lei 2/2015, de 29 de abril de emprego público de Galicia, e a Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas. E de forma supletoria, serán de aplicación o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do estado e provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios da administración xeral do estado, así como demais normativa de aplicación.

**TERCEIRO.- REQUISITOS XERAIS QUE DEBEN CUMPRIR OS ASPIRANTES.**

Para formar parte nas probas de selección, será necesario:

A. Ter nacionalidade española ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.

Poden acceder ao emprego público como persoal laboral en igualdade de condicións coas persoas de nacionalidade española:

- As persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea.
- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito.

- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores de devandita idade dependentes.
- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores de devandita idade dependentes.
- As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

B. Estar en posesión da titulación esixida en cada caso para cada praza nos termos sinalados nas Bases Específicas.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

C. Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada.

No caso do persoal laboral, non ser despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

- D. Ter cumpridos o dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- E. Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.
- F. Posuír coñecemento do idioma galego, que se acreditará mediante o esixido para cada praza nas Bases Específicas.
- G. Cumprir, no momento da formalización do contrato laboral temporal, os requisitos esixidos na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

Os/As aspirantes que viñeran desempeñando unha actividade pública ou privada, deberán solicitar o recoñecemento de compatibilidade inmediatamente despois de efectuar a formalización do pertinente contrato de traballo temporal.

De non ser compatible a actividade que viñeran desenvolvendo coa relación laboral que comeza no Concello de Chantada, os/as aspirantes seleccionados/as comprométense a renunciar ao correspondente posto/emprego convocado.

- H. Os aspirantes que se presenten pola cota de reserva de discapacitados, cando esta proceda, deberán ter recoñecida a condición legal de persoa con discapacidade cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, e deberán expresalo no formulario de solicitude de participación no proceso selectivo.
- I. De conformidade co desposto na cláusula 11ª.1 do Plan, que se describe literalmente “e imprescindible que as persoas a contratar a través deste programa produzan novas contratacións no concello, polo que a situación ou procedencia dos candidatos debe provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa...”

Este extremo acreditarse coa presentación da correspondente vida laboral actualizada a data de solicitudes.

#### **CUARTO.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.**

Os/As interesados/as dirixirán as solicitudes, no modelo oficial que se publica como Anexo destas bases e que tamén se facilitará nas Oficinas administrativas do Concello de Chantada e na súa páxina Web, ao Sr. Alcalde do Concello de Chantada, requirindo tomar parte nas correspondentes probas de selección, nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais e nas bases específicas para a praza que se opte, ao Sr. Alcalde-Presidente deste Concello.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral deste Concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As solicitudes que non se presenten no Rexistro Xeral do Concello, e se fagan a través doutros medios sinalados na Lei 39/2015, deberán comunicalo o correo electrónico: [persoal@concellodechantada.org](mailto:persoal@concellodechantada.org), remitindo copia anexa da solicitude de participación no proceso selectivo.

O prazo de presentación será de 5 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

A solicitude de participación no proceso selectivo, deberá ser cumprimentada debidamente polos aspirantes.

Se o día en que finalice o prazo de presentación de instancias fose inhábil o prazo rematará o primeiro día hábil seguinte.

#### **QUINTO.- DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACOMPAÑAR NECESARIAMENTE Á SOLICITUDE.**

##### **5.1.- COPIA COTEXADA DO DNI OU PASAPORTE.**

Ademais, os/as aspirantes estranxeiros/as, deberán presentar documentos que acrediten que son nacionais da Unión Europea ou dalgúns dos Estados aos cales, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexan de aplicación a libre circulación de traballadores.

##### **5.2.- COPIA COTEXADA DA TITULACIÓN ESIXIDA EN CADA POSTO CONCRETO.**

##### **5.3.- COPIA COTEXADA DO TÍTULO DE GALEGO ESIXIDO EN CADA POSTO CONCRETO.**

##### **5.4.- COPIA COTEXADA DO CARNÉ DE CONDUCIR, DE SER NECESARIO.**

##### **5.5.- DECLARACIÓN RESPONSABLE SEGUNDO O ANEXO.**

##### **5.6.- XUSTIFICACION DA SITUACION DE DESEMPREGO (VIDA LABORAL OU OUTRO DUMENTO ACREDITATIVO).**

##### **5.7.- DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DOS MÉRITOS ALEGADOS PARA A FASE DE CONCURSO (VIDA LABORAL, CONTRATOS, CERTIFICADOS DE EMPRESA, CURSOS...) DEBIDAMENTE COTEXADA.**

Deberase acompañar á solicitude, as xustificacións documentais dos méritos que desexen alegar en relación co posto/emprego ao que se opte, mediante:

- Certificacións de servizos prestados, expedida polo organismo oficial no que se prestaron, informe de vida laboral expedido polo Instituto Nacional da Seguridade Social ao que deberá achegarse contrato/s de traballo inscrito/s no SPEE (Servizo Público de Emprego Estatal).

Non se valorarán os méritos que non estean acreditados documentalmente ou que, a xuízo do Tribunal de selección, non estean suficientemente acreditados.

Os méritos aos que se fai referencia no/s baremo/s incluídos nas Bases Específicas deberán posuírse na data de remate do prazo de presentación de instancias, computándose en calquera caso ata a citada data.

**5.8.- OS ASPIRANTES CON DISCAPACIDADE DEBERÁN FACELO CONSTAR NA SOLICITUDE, CO FIN DE FACER AS ADAPTACIÓNS DE TEMPO E MEDIOS NECESARIOS, PARA GARANTIR A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES CO RESTO DOS ASPIRANTES.** Os interesados deberán formular petición expresa de participar no proceso de selección polo turno de discapacidade (cando este estivese previsto) debendo aportar o ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de cualificación do grado de discapacidade, acreditando a/s deficiencia/s que deran orixe ó grado de discapacidade recoñecido, a efectos de que o tribunal poida valorar a procedencia ou non da concesión da adaptación solicitada.

#### **SEXTO.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN.**

De acordo co establecido no artigo 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, en relación co artigo 60 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e de paridade entre mulleres e homes no conxunto das convocatorias da oferta de emprego público respectiva.

En ningún caso poden formar parte dos órganos de selección o persoal de elección ou de designación política, persoal funcionario interino ou laboral temporal, o persoal eventual, nin as persoas que no cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

A composición do Tribunal será predominantemente técnica e os vogais deberán posuír titulación ou especialización iguais ou superiores ás esixidas para o acceso ás prazas convocadas; e estará constituído por:

1. **Presidente:** Un funcionario ou persoal laboral fixo dunha administración.
2. **Secretario:** Un funcionario da Corporación, que actuará con voz e sen voto.

### 3. **Tres Vogais:** Entre funcionarios ou persoal laboral fixo dunha administración.

Os órganos de selección actúan con plena autonomía no exercicio da súa discrecionalidade técnica e os seus membros son persoalmente responsables da transparencia e obxectividade do procedemento, da confidencialidade das probas e do estricto cumprimento das bases da convocatoria e dos prazos establecidos para o desenvolvemento do proceso selectivo. As dúbidas ou reclamacións que poidan orixinarse coa interpretación da aplicación das bases da presente convocatoria, así como o que deba facerse nos casos non previstos, serán resoltas polo Tribunal, por maioría.

O tribunal poderá dispor a incorporación, ós seus traballos, de asesores especialistas, quenes se limitarán ó exercizo das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán por tanto con voz pero sen voto.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo ó señor alcalde, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/15, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas.

O/A presidente/a do tribunal poderá requirir ós membros do mesmo, declaración expresa de non atoparse incurso en causa de abstención nas circunstancias previstas nos citados artigos da Lei 40/15. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas no presente parágrafo.

O tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros con dereito a voto, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do/a presidente/ e do/a secretario/a. O tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

O Tribunal de selección constituirase na data que designe o Sr. Alcalde. Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo.

#### **PAGAMENTO DE ASISTENCIAS E GASTOS DE DESPRAZAMENTO DOS MEMBROS DO TRIBUNAL.**

Os membros do Tribunal de selección, así como os asesores ou colaboradores que puideran incorporarse a este, so terán dereito, pola súa concorrencia ás distintas sesións que se produzan en distintos días, a percibir as axudas de custo por asistencia de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sempre e cando exista una proba no proceso de selección.

#### **SÉPTIMO.- SISTEMA DE SELECCIÓN E AVALIACIÓN DE MÉRITOS.**

O sistema de selección será o de concurso-oposición, e constará de dúas fases:

- **FASE DE OPOSICIÓN:**

A fase de oposición será previa á do concurso.

Consistirá na realización dunha proba teórica e/ou práctica de carácter obrigatorio e eliminatorio acordos coa praza.

A puntuación total de cada aspirante virá determinada pola suma dos puntos acadados nas dúas fases. No caso de empate nas puntuacións atenderase, en primeiro lugar, a quen obtivese a maior puntuación no exercicio de carácter práctico. De persistir o empate resolverase por sorteo realizado polo Tribunal de selección en presenza dos aspirantes afectados.

Os aspirantes serán convocados en chamamento único, sendo excluídos da oposición quen non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo Tribunal.

En calquera momento o Tribunal poderá requirir aos opositores para que acrediten a súa personalidade.

Os candidatos deberán acudir provistos do NIF ou, na súa falta, pasaporte ou carné de conducir.

- **FASE DE CONCURSO.**

Esta fase será posterior á de oposición, e, non tendo carácter eliminatorio, os puntos obtidos na mesma non poderán terse en conta para supera-los exercicios da fase de oposición.

O Tribunal non poderá avaliar o non alegado e acreditado polos aspirantes nos documentos achegados no momento de presenta-las solicitudes ás probas selectivas.

No concurso avaliaranse os méritos establecidos para cada posto en concreto.

Só aos aspirantes que superen a oposición valoraráselles na fase de concurso os méritos que aleguen e xustifiquen documentalmente.

Para valora-los méritos será necesario que se presenten documentos xustificativos dos mesmos; en ningún caso se terán en conta os méritos que non estean debidamente xustificadas.

**OITAVO.- PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN.**

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución no prazo máximo de 3 días hábiles, coa lista provisional de admitidos e excluídos. En devandita resolución, que se publicará no Taboleiro de edictos do Concello e na páxina web do Concello de Chantada o, farase constar a causa da exclusión e concederáse un prazo de tres días hábiles para que polos interesados poidan formular reclamacións ou emendar os defectos que motiven a exclusión (non para alegar novos méritos non alegados até entón). No caso de ser todos admitidos na lista provisional, esta elevaráse automaticamente a definitiva.

Finalizado o prazo de reclamacións e emendas, e resoltas as mesmas, a Autoridade ou órgano convocante elevará a definitivas as listas de admitidos e excluídos mediante Resolución que se publicará igualmente no Taboleiro de edictos do Concello e na páxina web do Concello de Chantada. Dita publicación servirá de notificación a efectos de impugnacións e recursos. Na mesma resolución indícarase a data, lugar e hora de comezo do primeiro exercicio.

Ademais farase constar cos resultados de cada un dos exercicios, os sucesivos chamamentos e convocatorias, e en definitiva calquera decisión que adopte o Tribunal de selección e que deba coñecer o persoal aspirante até a finalización das probas selectivas ou, no seu caso, a fase de concurso, expóranse nos locais onde se celebrou o exercicio anterior ou nos que se sinalen no último anuncio, bastando dita exposición, na data que se inicie, como notificación para todos os efectos.

Todas as notificacións que se realicen respecto ó presente procedemento de selección, levaranse a cabo exclusivamente, de acordo co establecido no art. 45 da Lei 39/2015, do 2 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas, a través de publicacións no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello de Chantada.

**NOVENO.- RELACIÓN DE APROBADOS E PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.**

Concluídas as probas, elevarase ao órgano competente proposta de candidatos.

**PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.**

O/A aspirante proposto/a presentará no Rexistro Xeral do Concello de Chantada a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI, que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa.
- Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.
- Declaración xurada de non ter sido separados/as do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalguna das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- Copia autenticada ou fotocopia (que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa) do título académico esixido ou certificación académica dos estudos realizados.
- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e número de conta bancaria.

O prazo de presentación será de 2 días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación da proposta de selección no taboleiro de edictos, prazo que non poderá ser obxecto de ampliación en ningún caso.

**DÉCIMO.- BOLSA DE TRABALLO**

Os aspirantes que teñan superado a fase de oposición pero que non contaron coas mellores puntuacións logo da suma das obtidas na fase de concurso e na fase de oposición e polo tanto non foron seleccionados para as prazas ofertados pasaran a formar unha lista de reserva por orde de puntuación para cubrir eventuais vacantes dos seleccionados durante o período subvencionado que nunca se estenderá mais da data na que remate o programa reforzo do emprego 2024.

O integrante da bolsa que obteña un contrato de traballo co Concello causará baixa na bolsa, e unha vez que finalice o seu contrato de traballo co Concello volverá causar alta na bolsa de emprego no posto da mesma que lle corresponda en relación cos puntos obtidos.

A renuncia a un posto de traballo ofertado suporá o pase do aspirante ao último lugar da bolsa de emprego, salvo que conorra unha das seguintes circunstancias:

- Parto, baixa por maternidade ou situacións asimiladas.
- Enfermidade grave que impida a asistencia ao traballo, sempre que se acredite debidamente.
- Exercicio de cargo público representativo que imposibilite a asistencia ao traballo.

**UNDÉCIMO.- PERSOAS CON DISCAPACIDADE.**

Reservarase unha cota do sete por cento das vacantes para ser cubertas entre persoas con discapacidade, considerando como tales as definidas no apartado 2 do artigo 4 do texto refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2013, do

29 de novembro, sempre que superen os procesos selectivos e acrediten a súa discapacidade e a compatibilidade co desempeño das tarefas.

A reserva do sete por cento realizarase de maneira que, polo menos, o dous por cento das prazas ofertadas o sexa para ser cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual e o resto das prazas ofertadas o sexa para persoas que acrediten calquera outro tipo de discapacidade.

Cada Administración Pública adoptará as medidas precisas para establecer as adaptacións e axustes razoables de tempos e medios no proceso selectivo e, unha vez superado devandito proceso, as adaptacións no posto de traballo ás necesidades das persoas con discapacidade.

#### **DUODÉCIMO.- RECURSOS.**

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Así mesmo, a Xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polo interesados recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo ou, a partir do día seguinte ao de publicación do seu anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local; o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril; e no Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro e os pactos de aplicación ao Persoal Funcionario e Convenio Colectivo do Persoal do Concello, así como as normas aplicables ao persoal laboral contidas no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro e na Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.

#### **ANEXO I TEMARIO**

TEMA 1.- Breve idea da Constitución Española de 1978. Estructura. Principios Xerais. Dereitos e Deberes Fundamentais.

TEMA 2.- Breve idea do Estatuto de Autonomía de Galicia.

TEMA 2.- Organización Municipal: Alcalde, Pleno e Xunta de Goberno Local.

TEMA 3.- Diferentes materiais e ferramentas en construción.

TEMA 4.- Elementos da construción: Muros Tabiques, paredes.

TEMA 5.- Demolicións.

TEMA 6.- Reparación de baches en pistas. Materiais e ferramentas a empregar.

TEMA 7.- Reparación de camiños. Materiais e ferramentas a empregar.

TEMA 8.- Desbroce en pistas e camiños. Materiais e ferramentas a empregar.

TEMA 9.- Conceptos básicos acerca de la identificación de diferentes vías: Locales, provinciais, autonómicas y estatais.

TEMA 10.- Conceptos básicos sobre pavimentación de vías públicas.

#### **ANEXO II. BASES ESPECÍFICAS DO POSTO/EMPREGO DENOMINADO: PRAZA DE PEÓN ESPECIALISTA, O ABEIRO DO “PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS-PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO 2024”.**

**1.- Obxecto da convocatoria:** é obxecto das presentes bases a contratación de 3 PRAZAS DE PEÓN ESPECIALISTAS do Concello de Chantada, persoal laboral temporal, mediante concurso-oposición, en base o apartado “Programa reforzo do emprego 2024”, incluído dentro das bases reguladoras do Plan provincial único de cooperación cos concellos 2024, publicadas no Boletín oficial da provincia de Lugo, nº 06, de 08/01/2024; no que participa este Concello por Resolución da Alcaldía de 07/02/2024.

**2.- Relación xurídica co Concello:** Persoal laboral temporal, por circunstancias imprevisibles da produción.

<b>CONCEPTO</b>	<b>IMPORTE MENSUAL</b>
Salario Bruto Mensual, incluída Paga extra	1.601,29 €
Seguridade social mensual	616,02 €
Indemnización fin de contrato por 6 meses de contrato	320,28 €



**3.- Funcións:** As correspondentes e propias de peón especialista de obras e as asinadas polo Alcalde da Corporación e o servizo de obras, entre outras:

Servicio ós oficiais palista, camioneiros e do tractor-desbrozadora. Traballos sinxelos de albanería; mantementos sinxelos; limpeza e desbroces de camiños e estradas; colaboración nas obras de compactación de caixas de camiños, subases, bacheos, rexeneración e asfaltado de camiños e estradas; manexo de gravilladora e apoio á mesma, manexo de cuba e da manguera/lanza de riego.

**4.- Requisitos imprescindibles:** Celga 1 ou equivalente e xustificación de desemprego ou mellora de emprego.

Se non se pode acreditar este requisito concreto, poderase acceder ó proceso selectivo, pero será necesario superar a realización dunha proba de lingua galega, nos termos sinalados no apartado da fase de oposición.

**5.- Titulación requirida.** Certificado de escolaridade equivalente ou superior.

**6.- Requisitos específicos.** Carné de conducir B.

**7.- Baremo do sistema selectivo:** O sistema de selección será o de concurso-oposición, e constará de dúas fases:

A. **Fase de oposición.** De carácter eliminatoria.

B. **Fase de concurso.** A valoración das condicións de formación, méritos ou niveis de experiencia non supoñerá máis dun corenta por cento da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo, tal coma sinala o artigo 56 da Lei 2/2015, de 29 de abril.

A. **FASE DE OPOSICIÓN 20 puntos.** Consistirá na realización de dous exercicios que serán cualificados de 0 a 10 puntos sendo necesario obter unha cualificación mínima de 5 puntos cada un para superala sendo cada un deles obrigatorio e eliminatorio.

**O primeiro exercicio 10 puntos.** Consistirá en contestar por escrito nun tempo máximo de 30 minutos a un exame tipo test de 10 preguntas e varias opcións de resposta onde soamente unha é válida. Cada resposta correcta outorga 1 punto, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 5 puntos para superar a proba. As respostas en branco ou mal contestadas non restan sobre a puntuación total.

As preguntas versarán sobre os temas que se expoñen no Anexo I das presentes Bases.

**O segundo exercicio** consistirá en contestar de forma oral un ou varios exercicios prácticos e/ou teórico prácticos propostos polo tribunal relacionadas co programa específico reflectido no anexo I que contén o temario da convocatoria. Valorarase a concreción, exactitude e a validez de resolución. O tribunal poderá dialogar e razoar co aspirante analizando o contido das súas respostas e relacionado dito contido con outros incluídos dentro do programa. Sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 5 puntos para superar a proba. Puntuará como **máximo 10 puntos**.

**Exercicio de proba de galego.**

Común e obrigatorio para aqueles candidatos/as que non poidan acreditar o coñecemento do galego no nivel CELGA 1 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos do niveis de coñecemento da lingua galega (publicada no DOG nº 146, do 30 de xullo).

Os candidatos que se atopen na circunstancia anterior deberán someterse a un exame oral.

Esta proba terá unha duración máxima de 20 minutos, e será realizada o día seguinte do asignado para as outras probas da fase práctica.

Este exercicio valorarase como APTO ou NON APTO, sendo necesario para superalo obter o resultado de APTO. O tribunal decidirá o nivel preciso para acadar o resultado de apto.

B. **FASE DE CONCURSO.** Non ten carácter eliminatorio.

O tribunal valorará os méritos alegados polos/as candidatos/as presentados/as que superaran a fase de oposición.

Puntuarase cun máximo de 10 puntos, de acordo coa seguinte distribución.

1. Experiencia profesional. Máximo 4 puntos.

- Por servizos prestados en calquera Administración Pública en postos de iguais características ou similares, 0,5 puntos por cada mes de servizo.
- Por servizos prestados en calquera Empresa Privada en postos de iguais características ou similares, 0,25 puntos por cada mes de servizo.

A acreditación da experiencia profesional realizarase mediante a presentación de Certificado de Servizos Prestados emitido polas administracións públicas e polos contratos de traballo, informe de vida laboral, de acordo coa base 5º das bases xerais.

2. Formación : Máximo 2 puntos. Puntuaranse as accións formativas relacionadas co posto obxecto da convocatoria:

- Cursos de duración de ata 35 horas: 0,25 puntos
- Cursos de máis de 35 horas e ata 59 horas: 0,50 puntos.
- Cursos de máis de 59 horas e ata 120 horas: 0,75 puntos
- Cursos de máis de 120 horas: 1,00 puntos.

En caso de empate na fase de concurso, estarase ao disposto no artigo 44 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

3. Situación laboral (máximo 0.8 puntos)

3.1. Por estar en situación de desemprego 0,01 por cada mes completo (máximo de 0,4 puntos).

A permanencia en situación de desemprego acreditarase mediante documento acreditativo de períodos de desemprego, emitido pola Oficina de Emprego. Unicamente se terá en conta o último período de permanencia en esta situación.

3.2. Por non percibir ningún tipo de prestación ou subsidio por desemprego que deberá acreditarse a través do correspondente certificado. (0,4 puntos).

4. Por ser muller. (0,8 puntos).

5. Por ter unha discapacidade igual ou superior ó 33% (0,8 puntos).

6. Por ser maior de 45 anos (0,8 puntos).

7. Por ser vítima de violencia de xénero (0,8 puntos).

En caso de empate na fase de concurso, estarase ao disposto no artigo 44 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

### **ANEXO III. BASES ESPECÍFICAS DO POSTO/EMPREGO DENOMINADO PALISTA. O ABEIRO DO “PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS-PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO 2024”.**

**1.- Obxecto da convocatoria:** É a selección mediante concurso-oposición, 1 POSTO DE PALISTA a xornada completa (100%), en réxime de persoal laboral temporal, mediante concurso-oposición, en base o apartado “Programa reforzo do emprego 2024”, incluído dentro das bases reguladoras do Plan provincial único de cooperación cos concellos 2024, publicadas no Boletín oficial da provincia de Lugo, nº 06, de 08/01/2024; no que participa este Concello por Resolución da Alcaldía de 07/02/2024.

**2.- Relación xurídica co Concello:** Persoal laboral temporal, por circunstancias imprevisibles da produción.

<b>CONCEPTO</b>	<b>IMPORTE MENSUAL</b>
Salario Bruto Mensual, incluída Paga extra	1.677,45 €
Seguridade social mensual	645,31 €
Indemnización fin de contrato por 6 meses de contrato	335,52 €

**3.- Funcións:** As correspondentes e propias dun palista e as asinadas polo Alcalde da Corporación e Servizo de obras, entre outras:

1. Todas as sinaladas para peóns especialistas.
2. Manexo de pala retroexcavadora e cargadora.

**4.- Requisitos imprescindibles:** Celga 1 ou equivalente e xustificación de desemprego ou mellora de emprego.

Se non se pode acreditar este requisito concreto, poderase acceder ó proceso selectivo, pero será necesario superar a realización dunha proba de lingua galega, nos termos sinalados no apartado da fase de oposición.

**5.- Titulación requirida.** Certificado de escolaridade ou superior.

**6.- Requisitos específicos.** Carné de conducir B e título de operador de pala retroexcavadora e cargadora.

**7.- Baremo do sistema selectivo:** O sistema de selección será o de concurso-oposición, e constará de dúas fases:

A. **Fase de oposición.** De carácter eliminatoria.

B. **Fase de concurso.** A valoración das condicións de formación, méritos ou niveis de experiencia non supoñerá máis dun corenta por cento da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo, tal coma sinala o artigo 56 da Lei 2/2015, de 29 de abril.

A. **FASE DE OPOSICIÓN 20 puntos.** Consistirá na realización de dous exercicios que serán cualificados de 0 a 10 puntos sendo necesario obter unha cualificación mínima de 5 puntos cada un para superala sendo cada un deles obrigatorio e eliminatorio.

**O primeiro exercicio 10 puntos.** Consistirá en contestar por escrito nun tempo máximo de 30 minutos a un exame tipo test de 10 preguntas e varias opcións de resposta onde soamente unha é válida. Cada resposta correcta outorga 1 punto, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 5 puntos para superar a proba. As respostas en branco ou mal contestadas non restan sobre a puntuación total.

As preguntas versarán sobre os temas que se expoñen no Anexo I das presentes Bases.

**O segundo exercicio** consistirá en contestar de forma oral un ou varios exercicios prácticos e/ou teórico prácticos propostos polo tribunal relacionadas co programa específico reflectido no anexo I que contén o temario da convocatoria. Valorarase a concreción, exactitude e a validez de resolución. O tribunal poderá dialogar e razoar co aspirante analizando o contido das súas respostas e relacionado dito contido con outros incluídos dentro do programa. Sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 5 puntos para superar a proba. Puntuará como **máximo 10 puntos**.

#### **Exercicio de proba de galego.**

Común e obrigatorio para aqueles candidatos/as que non poidan acreditar o coñecemento do galego no nivel CELGA 1 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos do niveis de coñecemento da lingua galega (publicada no DOG nº 146, do 30 de xullo).

Os candidatos que se atopen na circunstancia anterior deberán someterse a un exame oral.

Esta proba terá unha duración máxima de 20 minutos, e será realizada o mesmo día asignado para as outras probas da fase práctica.

Este exercicio valorarase como APTO ou NON APTO, sendo necesario para superalo obter o resultado de APTO. O tribunal decidirá o nivel preciso para acadar o resultado de apto.

B. **FASE DE CONCURSO.** Non ten carácter eliminatorio.

O tribunal valorará os méritos alegados polos/as candidatos/as presentados/as que superaran a fase de oposición.

Puntuarase cun máximo de 10 puntos, de acordo coa seguinte distribución.

1. Experiencia profesional. Máximo 4 puntos.

- Por servizos prestados en calquera Administración Pública en postos de iguais características ou similares, 0,5 puntos por cada mes de servizo.
- Por servizos prestados en calquera Empresa Privada en postos de iguais características ou similares, 0,25 puntos por cada mes de servizo.

A acreditación da experiencia profesional realizarase mediante a presentación de Certificado de Servizos Prestados emitido polas administracións públicas e polos contratos de traballo, informe de vida laboral, de acordo coa base 5º das bases xerais.

2. Formación : Máximo 2 puntos. Puntuaranse as accións formativas relacionadas co posto obxecto da convocatoria:

- Cursos de duración de ata 35 horas: 0,25 puntos
- Cursos de máis de 35 horas e ata 59 horas: 0,50 puntos.
- Cursos de máis de 59 horas e ata 120 horas: 0,75 puntos
- Cursos de máis de 120 horas: 1,00 puntos.

En caso de empate na fase de concurso, estarase ao disposto no artigo 44 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

3. Situación laboral (máximo 0.8 puntos)

3.1. Por estar en situación de desemprego 0,01 por cada mes completo (máximo de 0,4 puntos).

A permanencia en situación de desemprego acreditarase mediante documento acreditativo de períodos de desemprego, emitido pola Oficina de Emprego. Unicamente se terá en conta o último período de permanencia en esta situación.

3.2. Por non percibir ningún tipo de prestación ou subsidio por desemprego que deberá acreditarse a través do correspondente certificado. (0,4 puntos).

4. Por ser muller. (0,8 puntos).

5. Por ter unha discapacidade igual ou superior ó 33% (0,8 puntos).

6. Por ser maior de 45 anos (0,8 puntos).

7. Por ser vítima de violencia de xénero (0,8 puntos).

En caso de empate na fase de concurso, estarase ao disposto no artigo 44 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

**ANEXO IV. BASES ESPECÍFICAS DE DOUS POSTOS/EMPREGOS DENOMINADOS 1 CONDUCTOR DE CAMIÓN CON CAP PARA MANEXO DE CAMIÓN E 1 CONDUCTOR DE CAMIÓN CON CAP PARA CUBA DE RIEGO. O ABEIRO DO “PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS-PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO 2024”.**

**1.- Obxecto da convocatoria:** É a selección mediante concurso-oposición, 2 POSTOS PARA CONDUCTOR DE CAMION E CAMION CON CUBA DE RIEGO a xornada completa (100%), en réxime de persoal laboral temporal en réxime de persoal laboral temporal, mediante concurso-oposición, en base o apartado “B Programa reforzo do emprego 2024”, incluído dentro das bases reguladoras do Plan provincial único de cooperación cos concellos 2024, publicadas no Boletín oficial da provincia de Lugo, nº 06, de 08/01/2024; no que participa este Concello por Resolución da Alcaldía de 07/02/2024.

**2.- Relación xurídica co Concello:** Persoal laboral temporal, por circunstancias imprevisibles da produción.

**CONCEPTO**

**IMPORTE MENSUAL**

Salario Bruto Mensual, incluída Paga extra	1.677,45 €
Seguridade social mensual	645,31 €
Indemnización fin de contrato por 6 meses de contrato	335,52 €

**3.- Funcións:** As correspondentes e propias dun condutor camión e camión con cuba de riego, e as asinadas polo Alcalde da Corporación e Concelleiro da área, entre outras:

1.- Todas as sinaladas para peóns especialistas.

2.- Manexo de camión e cuba de riego.

**4.- Requisitos imprescindibles:** Celga 1 ou equivalente e xustificación de desemprego ou mellora de emprego.

Se non se pode acreditar este requisito concreto, poderase acceder ó proceso selectivo, pero será necesario superar a realización dunha proba de lingua galega, nos termos sinalados no apartado da fase de oposición.

**5.- Titulación requirida.** Certificado de estudos primarios ou titulación equivalente.

**6.- Requisitos específicos.** Carné de conducir C e C.A.P. para ambos postos.

**7.- Baremo do sistema selectivo:** O sistema de selección será o de concurso-oposición, e constará de dúas fases:

A. **Fase de oposición.** De carácter eliminatória.

B. **Fase de concurso.** A valoración das condicións de formación, méritos ou niveis de experiencia non supoñerá máis dun corenta por cento da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo, tal coma sinala o artigo 56 da Lei 2/2015, de 29 de abril.

A. **FASE DE OPOSICIÓN.** Consistirá na realización de dous exercicios que serán cualificados de 0 a 10 puntos sendo necesario obter unha cualificación mínima de 5 puntos cada un para superala sendo cada un deles obrigatorio e eliminatório.

**O primeiro exercicio 10 puntos.** Consistirá en contestar por escrito nun tempo máximo de 30 minutos a un exame tipo test de 10 preguntas e varias opcións de resposta onde soamente unha é válida. Cada resposta correcta outorga 1 punto, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 5 puntos para superar a proba. As respostas en branco ou mal contestadas non restan sobre a puntuación total.

As preguntas versarán sobre os temas que se expoñen no Anexo I das presentes Bases.

O **segundo exercicio** consistirá en contestar de forma oral un ou varios exercicios prácticos e/ou teórico prácticos propostos polo tribunal relacionadas co programa específico reflectido no anexo I que contén o temario da convocatoria. Valorarase a concreción, exactitude e a validez de resolución. O tribunal poderá dialogar e razoar co aspirante analizando o contido das súas respostas e relacionado dito contido con outros incluídos dentro do programa. Sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 10 puntos para superar a proba. Puntuará como máximo 20 puntos.

#### **Exercicio de proba de galego.**

Común e obrigatorio para aqueles candidatos/as que non poidan acreditar o coñecemento do galego no nivel CELGA 1 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos do niveis de coñecemento da lingua galega (publicada no DOG nº 146, do 30 de xullo).

Os candidatos que se atopen na circunstancia anterior deberán realizar un exame consistente en traducir un texto sin. dicionario, elixido libremente polo tribunal, de castelán ao galego.

Esta proba terá unha duración máxima de 20 minutos, e será realizada o mesmo día asignado para as outras probas da fase práctica.

Este exercicio valorarase como APTO ou NON APTO, sendo necesario para superalo obter o resultado de APTO. O tribunal decidirá o nivel preciso para acadar o resultado de apto.

#### **B. FASE DE CONCURSO.** Non ten carácter eliminatorio.

O tribunal valorará os méritos alegados polos/as candidatos/as presentados/as que superaran a fase de oposición.

Puntuarase cun máximo de 10 puntos, de acordo coa seguinte distribución.

##### 1. Experiencia profesional. Máximo 4 puntos.

- Por servizos prestados en calquera Administración Pública en postos de iguais características ou similares, 0,5 puntos por cada mes de servizo.
- Por servizos prestados en calquera Empresa Privada en postos de iguais características ou similares, 0,25 puntos por cada mes de servizo.

A acreditación da experiencia profesional realizarase mediante a presentación de Certificado de Servizos Prestados emitido polas administracións públicas e polos contratos de traballo, informe de vida laboral, de acordo coa base 5º das bases xerais.

##### 2. Formación : Máximo 2 puntos. Puntuaranse as accións formativas relacionadas co posto obxecto da convocatoria:

- Cursos de duración de ata 35 horas: 0,25 puntos
- Cursos de máis de 35 horas e ata 59 horas: 0,50 puntos.
- Cursos de máis de 59 horas e ata 120 horas: 0,75 puntos
- Cursos de máis de 120 horas: 1,00 puntos.

En caso de empate na fase de concurso, estarase ao disposto no artigo 44 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

##### 3. Situación laboral (máximo 0.8 puntos)

###### 3.1. Por estar en situación de desemprego 0,01 por cada mes completo (máximo de 0,4 puntos).

A permanencia en situación de desemprego acreditarase mediante documento acreditativo de períodos de desemprego, emitido pola Oficina de Emprego. Unicamente se terá en conta o último período de permanencia en esta situación.

###### 3.2. Por non percibir ningún tipo de prestación ou subsidio por desemprego que deberá acreditarse a través do correspondente certificado. (0,4 puntos).

##### 4. Por ser muller. (0,8 puntos).

##### 5. Por ter unha discapacidade igual ou superior ó 33% (0,8 puntos).

##### 6. Por ser maior de 45 anos (0,8 puntos).

##### 7. Por ser vítima de violencia de xénero (0,8 puntos).

En caso de empate na fase de concurso, estarase ao disposto no artigo 44 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

**ANEXO V. BASES ESPECÍFICAS DO POSTO/EMPREGO DENOMINADO CONDUCTOR TRACTOR-DESBROZADORA O ABEIRO DO "PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS-PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO 2024".**

.- **Obxecto da convocatoria:** É a selección mediante concurso-oposición, 1 POSTO DE CONDUCTOR TRACTOR-DESBROZADORA a xornada completa (100%), en réxime de persoal laboral temporal, mediante concurso-oposición, en base o apartado "Programa reforzo do emprego 2024", incluído dentro das bases reguladoras do Plan provincial único de cooperación cos concellos 2024, publicadas no Boletín oficial da provincia de Lugo, nº 06, de 08/01/2024; no que participa este Concello por Resolución da Alcaldía de 07/02/2024.

**2.- Relación xurídica co Concello:** Persoal laboral temporal, por circunstancias imprevisibles da produción.

CONCEPTO	IMPORTE MENSUAL
Salario Bruto Mensual, incluída Paga extra	1.677,45 €
Seguridade social mensual	645,31 €
Indemnización fin de contrato por 6 meses de contrato	335,52 €

**3.- Funcións:** As correspondentes e propias dun condutor de tractor e específicas para uso da desbrozadora e as asinadas polo Alcalde da Corporación e Concelleiro das áreas afectadas, entre outras:

3. Todas as sinaladas para peóns especialistas.
4. Manexo de tractor-desbrozadora e acoples do mesmo.

**4.- Requisitos imprescindibles:** Celga 1 ou equivalente e xustificación de desemprego ou mellora de emprego.

Se non se pode acreditar este requisito concreto, poderase acceder ó proceso selectivo, pero será necesario superar a realización dunha proba de lingua galega, nos termos sinalados no apartado da fase de oposición.

**5.- Titulación requirida.** Certificado de escolaridade ou superior.

**6.- Requisitos específicos.** Carné de conducir B e manexo tractor con desbrozadora.

**7.- Baremo do sistema selectivo:** O sistema de selección será o de concurso-oposición, e constará de dúas fases:

**C. Fase de oposición.** De carácter eliminatoria.

**D. Fase de concurso.** A valoración das condicións de formación, méritos ou niveis de experiencia non supoñerá máis dun corenta por cento da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo, tal coma sinala o artigo 56 da Lei 2/2015, de 29 de abril.

**C. FASE DE OPOSICIÓN 20 puntos.** Consistirá na realización de dous exercicios que serán cualificados de 0 a 10 puntos sendo necesario obter unha cualificación mínima de 5 puntos cada un para superala sendo cada un deles obrigatorio e eliminatorio.

**O primeiro exercicio 10 puntos.** Consistirá en contestar por escrito nun tempo máximo de 30 minutos a un exame tipo test de 10 preguntas e varias opcións de resposta onde soamente unha é válida. Cada resposta correcta outorga 1 punto, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 5 puntos para superar a proba. As respostas en branco ou mal contestadas non restan sobre a puntuación total.

As preguntas versarán sobre os temas que se expoñen no Anexo I das presentes Bases.

**O segundo exercicio** consistirá en contestar de forma oral un ou varios exercicios prácticos e/ou teórico prácticos propostos polo tribunal relacionadas co programa específico reflectido no anexo I que contén o temario da convocatoria. Valorarase a concreción, exactitude e a validez de resolución. O tribunal poderá dialogar e razoar co aspirante analizando o contido das súas respostas e relacionado dito contido con outros incluídos dentro do programa. Sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 5 puntos para superar a proba. Puntuará como **máximo 10 puntos**.

**Exercicio de proba de galego.**

Común e obrigatorio para aqueles candidatos/as que non poidan acreditar o coñecemento do galego no nivel CELGA 1 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos do niveis de coñecemento da lingua galega (publicada no DOG nº 146, do 30 de xullo).

Os candidatos que se atopen na circunstancia anterior deberán someterse a un exame oral.

Esta proba terá unha duración máxima de 20 minutos, e será realizada o mesmo día asignado para as outras probas da fase práctica.

Este exercicio valorarase como APTO ou NON APTO, sendo necesario para superalo obter o resultado de APTO. O tribunal decidirá o nivel preciso para acadar o resultado de apto.

D. **FASE DE CONCURSO.** Non ten carácter eliminatorio.

O tribunal valorará os méritos alegados polos/as candidatos/as presentados/as que superaran a fase de oposición.

Puntuarase cun máximo de 10 puntos, de acordo coa seguinte distribución.

8. Experiencia profesional. Máximo 4 puntos.

- Por servizos prestados en calquera Administración Pública en postos de iguais características ou similares, 0,5 puntos por cada mes de servizo.
- Por servizos prestados en calquera Empresa Privada en postos de iguais características ou similares, 0,25 puntos por cada mes de servizo.

A acreditación da experiencia profesional realizarase mediante a presentación de Certificado de Servizos Prestados emitido polas administracións públicas e polos contratos de traballo, informe de vida laboral, de acordo coa base 5º das bases xerais.

9. Formación : Máximo 2 puntos. Puntuaranse as accións formativas relacionadas co posto obxecto da convocatoria:

- Cursos de duración de ata 35 horas: 0,25 puntos
- Cursos de máis de 35 horas e ata 59 horas: 0,50 puntos.
- Cursos de máis de 59 horas e ata 120 horas: 0,75 puntos
- Cursos de máis de 120 horas: 1,00 puntos.

En caso de empate na fase de concurso, estarase ao disposto no artigo 44 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

**ANEXO VI. BASES ESPECÍFICAS DO POSTO/EMPREGO DENOMINADO ALBANEL O ABEIRO DO “PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS-PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO 2024”.**

1.- **Obxecto da convocatoria:** É a selección mediante concurso-oposición, 1 posto de albanel a xornada completa (100%), en réxime de persoal laboral temporal, mediante concurso-oposición, en base o apartado “ Programa reforzo do emprego 2024”, incluído dentro das bases reguladoras do Plan provincial único de cooperación cos concellos 2024, publicadas no Boletín oficial da provincia de Lugo, nº 06, de 08/01/2024; no que participa este Concello por Resolución da Alcaldía de 07/02/2024.

2.- **Relación xurídica co Concello:** Persoal laboral temporal, por circunstancias imprevisibles da produción.

CONCEPTO	IMPORTE MENSUAL
Salario Bruto Mensual, incluída Paga extra	1.677,45 €
Seguridade social mensual	645,31 €
Indemnización fin de contrato por un mes de contrato	335,52 €

3.- **Funcións:** As correspondentes e propias dun albanel e as asinadas polo Alcalde da Corporación e Concelleiro das áreas afectadas, entre outras:

5. Todas as sinaladas para peóns especialistas.
6. Propias dun albanel oficial de primeira.

4.- **Requisitos imprescindibles:** Celga 1 ou equivalente e xustificante de demandante ou mellora de emprego.

Se non se pode acreditar este requisito concreto, poderase acceder ó proceso selectivo, pero será necesario superar a realización dunha proba de lingua galega, nos termos sinalados no apartado da fase de oposición.

5.- **Titulación requirida.** Certificado de escolaridade ou superior.

6.- **Requisitos específicos.** Carné de conducir B

7.- **Baremo do sistema selectivo:** O sistema de selección será o de concurso-oposición, e constará de dúas fases:

E. **Fase de oposición.** De carácter eliminatoria.

F. **Fase de concurso.** A valoración das condicións de formación, méritos ou niveis de experiencia non supoñerá máis dun corenta por cento da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo, tal coma sinala o artigo 56 da Lei 2/2015, de 29 de abril.

E. **FASE DE OPOSICIÓN 20 puntos.** Consistirá na realización de dous exercicios que serán cualificados de 0 a 10 puntos sendo necesario obter unha cualificación mínima de 5 puntos cada un para superala sendo cada un deles obrigatorio e eliminatorio.

**O primeiro exercicio 10 puntos.** Consistirá en contestar por escrito nun tempo máximo de 30 minutos a un exame tipo test de 10 preguntas e varias opcións de resposta onde soamente unha é válida. Cada resposta correcta outorga 1 punto, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 5 puntos para superar a proba. As respostas en branco ou mal contestadas non restan sobre a puntuación total.

As preguntas versarán sobre os temas que se expoñen no Anexo I das presentes Bases.

**Segundo exercicio** consistirá en contestar de forma oral un ou varios exercicios prácticos e/ou teórico prácticos propostos polo tribunal relacionadas co programa específico reflectido no anexo I que contén o temario da convocatoria. Valorarase a concreción, exactitude e a validez de resolución. O tribunal poderá dialogar e razoar co aspirante analizando o contido das súas respostas e relacionado dito contido con outros incluídos dentro do programa. Sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 5 puntos para superar a proba. Puntuará como **máximo 10 puntos**.

#### **Exercicio de proba de galego.**

Común e obrigatorio para aqueles candidatos/as que non poidan acreditar o coñecemento do galego no nivel CELGA 1 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos do niveis de coñecemento da lingua galega (publicada no DOG nº 146, do 30 de xullo).

Os candidatos que se atopen na circunstancia anterior deberán someterse a un exame oral.

Esta proba terá unha duración máxima de 20 minutos, e será realizada o mesmo día asignado para as outras probas da fase práctica.

Este exercicio valorarase como APTO ou NON APTO, sendo necesario para superalo obter o resultado de APTO. O tribunal decidirá o nivel preciso para acadar o resultado de apto.

F. **FASE DE CONCURSO.** Non ten carácter eliminatorio.

O tribunal valorará os méritos alegados polos/as candidatos/as presentados/as que superaran a fase de oposición.

Puntuarase cun máximo de 10 puntos, de acordo coa seguinte distribución.

10. Experiencia profesional. Máximo 4 puntos.

- Por servizos prestados en calquera Administración Pública en postos de iguais características ou similares, 0,5 puntos por cada mes de servizo.
- Por servizos prestados en calquera Empresa Privada en postos de iguais características ou similares, 0,25 puntos por cada mes de servizo.

A acreditación da experiencia profesional realizarase mediante a presentación de Certificado de Servizos Prestados emitido polas administracións públicas e polos contratos de traballo, informe de vida laboral, de acordo coa base 5º das bases xerais.

11. Formación : Máximo 2 puntos. Puntuaranse as accións formativas relacionadas co posto obxecto da convocatoria:

- Cursos de duración de ata 35 horas: 0,25 puntos
- Cursos de máis de 35 horas e ata 59 horas: 0,50 puntos.
- Cursos de máis de 59 horas e ata 120 horas: 0,75 puntos
- Cursos de máis de 120 horas: 1,00 puntos.

En caso de empate na fase de concurso, estarase ao disposto no artigo 44 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

Chantada, 20 de xaneiro de 2025.- O Alcalde, Manuel L. Varela Rodríguez.



**ANEXO VII. MODELO DE INSTANCIA**

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, con DNI núm. \_\_\_\_\_,  
 número de teléfono \_\_\_\_\_, con domicilio a estes efectos en \_\_\_\_\_  
 \_\_\_\_\_,  
 e dirección de correo electrónico \_\_\_\_\_, expón:

Que, unha vez informado/a da convocatoria feita polo Concello de Chantada para cubrir, como persoal laboral de duración determinada, unha praza sinalada con unha (X):

- Peón especialista.
- Palista.
- Conductor para camión
- Camión con cuba.
- Conductor tractor-desbrozadora.
- Albanel.

Tendo en conta que reúne os requisitos previstos nas bases da convocatoria, solicita participar no proceso selectivo para o que achego a documentación sinalada con unha (X):

- Copia cotexada da titulación esixida.
- Copia cotexada do título de galego.
- Copia compulsada do DNI ou documento que proceda no suposto de estranxeiros.
- Copia cotexada do carné de conducir, se procede
- Declaración responsable
- Documentación acreditativa dos méritos alegados (vida laboral, contratos, certificados de empresa, cursos...)

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2025.

O/A Solicitante

Asdo. \_\_\_\_\_

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CHANTADA**

**ANEXO VII. MODELO DE DECLARACIÓN XURADA**

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, con DNI núm. \_\_\_\_\_,  
 número de teléfono \_\_\_\_\_, con domicilio a estes efectos en \_\_\_\_\_  
 \_\_\_\_\_,  
 e dirección de correo electrónico \_\_\_\_\_,

DECLARA baixo xuramento ou promete, aos efectos de ser admitido/a no proceso selectivo para o ingreso na lista previa na categoría de:

- Peón especialista.
- Palista.
- Conductor para camión
- Camión con cuba.
- Conductor tractor-desbrozadora.
- Albanel.

convocada polo Concello de Chantada e, no seu caso, aos efectos da formalización do correspondente contrato de traballo, que:

A. Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No caso do persoal laboral, non ser despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía. No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

B. Non atoparse incurso/a nas causas de incapacidade previstas na lexislación vixente.

C. Cumpro os requisitos esixidos na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2025.

O/A Solicitante

Asdo. \_\_\_\_\_

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CHANTADA**

**MONDOÑEDO****Anuncio****APROBACIÓN DEFINITIVA.**

Elevándose a definitivo o acordo adoptado polo Pleno da Corporación, na sesión que tivo lugar o día 28 de novembro do 2024, de aprobación provisional da modificación da ordenanza fiscal nº 1 reguladora reguladora do imposto de bens inmobles, e non presentándose reclamación durante o período de exposición ao público, e dando cumprimento ao artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, transcribe o texto íntegro da mesma.

**“ORDENANZA FISCAL Nº 1 REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES.**

*Artigo 1º. - Obxecto.*

*O Imposto sobre Bens inmobles esixirase neste Concello de conformidade co disposto nos artigos 60 a 77 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aplicándose sobre ditas disposicións os elementos determinantes da cota tributaria que se regulan nos artigos seguintes da presente Ordenanza fiscal.*

*Artigo 2º. - Tipos de gravame.*

- 1. O tipo de gravame aplicable os bens inmobles urbanos queda fixado no 0,60 por cento.*
- 2. O tipo de gravame aplicable ós bens inmobles de carácter rústico queda fixado no 0,65 por cento.*
- 3. O tipo de gravame aplicable ós bens inmobles de características especiais queda fixado no 1,3 por cento.*

*Artigo 3º.- Recargo aplicable ós inmobles desocupados con carácter permanente.*

*Tratándose de inmobles de uso residencial que se atopen desocupados con carácter permanente, por cumprir as condicións que se determinen regulamentariamente, o Concello esixirá un recargo de un 50% na cota líquida do imposto. Dito recargo, que se esixirá ós suxeitos pasivos de este tributo e ó que resultarán de aplicación as disposicións reguladoras do mesmo, devengarase o 31 de decembro fe liquidarase anualmente polo Concello, unha vez constatada a desocupación do inmovible, xuntamente co acto administrativo polo que esta se declare.*

*Artigo 4º. - Exención por criterios de eficiencia e economía.*

*O abeiro do disposto no artigo 62.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establécese unha exención a favor dos bens inmobles urbanos e rústicos nos que a cota tributaria líquida non exceda de tres euros.*

*Artigo 5º. - Bonificación para os inmobles que constitúan o obxecto da actividade de empresas de urbanización, construción ou promoción inmobiliaria.*

*Terán dereito a unha bonificación do 90 por cento sobre o cota íntegra do imposto, sempre que así se solicite polos interesados antes do inicio das obras, os inmobles que constitúan o obxecto da actividade de empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria tanto de obra nova coma de rehabilitación equiparable a esta, e non figuren entre os bens do seu inmovilizado.*

*O prazo de aplicación desta bonificación abranguerá desde o período impositivo seguinte ó correspondente ó inicio das obras e ata o posterior ó remate das mesmas, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, sen que, en ningún caso, a bonificación poida aplicarse a máis de tres períodos impositivos.*

*Artigo 6º.-Bonificación para vivendas de promoción pública.*

*Establécese unha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto para as vivendas de promoción pública, unha vez transcorrido o prazo de disfrute da bonificación prevista no artigo 73.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, durante un prazo máximo de tres períodos impositivos. Dita bonificación concederase a petición do interesado, e surtirá efectos, no seu caso, dende o período impositivo seguinte a aquel en que se solicite.*

*Artigo 7º.- Bonificación para terreos comprendidos dentro de núcleos rurais.*

*Establécese unha bonificación do 20% na cota íntegra do imposto correspondente aos bens inmobles ubicados dentro do núcleos rurais delimitados polo planeamento urbanístico municipal, ao abeiro do establecido no artigo 74.1 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.*

*Artigo 8º.- Réxime de declaración e ingreso.*

*1. O imposto devengarase o primeiro día do período impositivo.*

*2. O período impositivo coincide co ano natural.*

*3. Os feitos, actos e negocios que deban ser obxecto de declaración ou comunicación ó Catastro Inmobiliario terán efectividade no devengo deste imposto no período impositivo inmediatamente posterior o momento en que produzan efectos catastrais. A efectividade das inscricións catastrais resultantes dos procedementos de valoración colectiva e de determinación de valor catastral dos bens inmobles de características especiais, coincidirá coa prevista nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.*

*Artigo 9º.- Bonificacións para inmobles nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais histórico artístico ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración.*

*Bonificación do 95% da cota íntegra do imposto para aqueles inmobles nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais histórico artístico ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración.*

*A gradación da porcentaxe de bonificación aplicarase do seguinte xeito:*

- Ata 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo.*
- Cando menos o 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.*
- Cando menos o 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo.*

*Esta bonificación será de aplicación unicamente a aqueles inmobles nos que teña lugar a implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros nos que se amplíen as instalacións sempre e cando implique creación ou mantemento de emprego.*

#### DISPOSICIÓN TRANSITORIA

*Coa finalidade de facilitar o pago das cotas tributarias resultantes do proceso de regularización catastral, a Administración reconecerá o dereito ao fraccionamento do pago das mesmas, sen necesidade de presentación de garantía, nas seguintes condicións:*

- O importe da cota a regularizar deberá ser superior aos 300 euros.*
- O importe de cada pago fraccionado non poderá ser inferior aos 300 euros, salvo a correspondente á última anualidade.*
- Será requisito para o fraccionamento a domiciliación bancaria do pago do imposto.*

#### DISPOSICION FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor o 1 de xaneiro do ano seguinte a aquel no que se produza a publicación da aprobación definitiva.

Mondoñedo, 20 de xaneiro de 2025.- O alcalde, Manuel Angel Otero Legide.

R. 0141

---

### Anuncio

#### APROBACIÓN DEFINITIVA.

Elevándose a definitivo o acordo adoptado polo Pleno da Corporación, na sesión que tivo lugar o día 28 de novembro do 2024, de aprobación provisional da modificación da ordenanza fiscal nº 10 reguladora da taxa por servizos de distribución de auga e utilización de contadores e instalacións análogas cando ditos servizos e subministracións sexan prestados por entidades locais., e non presentándose reclamación durante o período de exposición ao público, e dando cumprimento ao artigo 17.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, transcribe o texto íntegro da mesma.

#### **“ORDENANZA FISCAL Nº 10 REGULADORA DA TAXA POR SERVICIOS DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA E UTILIZACIÓN DE CONTADORES E INSTALACIÓNS ANÁLOGAS CANDO DITOS SERVICIOS E SUMINISTROS SEXAN PRESTADOS POR ENTIDADES LOCAIS.**

Art. 1º. Fundamento e natureza.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do RDLex. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, este Concello establece a Taxa por servizos de distribución de auga incluídos os dereitos de enganche de liñas e

colocación e utilización de contadores e instalacións análogas, por servizos ou suministros prestados polo Concello.

Art. 2º. Feito imponible.

1. Constitue o feito imponible da taxa a prestación do servizo de distribución de auga incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas.

Art. 3º. Suxetos pasivos.

1. Son suxetos pasivos contribuintes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades as que se refire o artigo 34.5 da Lei Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais ubicados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas en que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufrutuario, habitacionista, arrendatario ou, incluso, de precario.

2. Terá a consideración de suxeto pasivo sustituto do contribuinte o propietario das vivendas e locais, que poderá repercutir, no seu caso, as cuotas satisfeitas sobre os usuarios daquelas, beneficiarios do servizo.

Art. 4º. Responsables.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeto pasivo as persoas físicas ou xurídicas ás que se refiren o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quiebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

Art. 5º. Cota tributaria.

**CUOTA FIJA DOMÉSTICO:** 8,17 €/bimestre

**CUOTA FIJA NO DOMÉSTICO:** 10,94 €/bimestre.

**USO DOMÉSTICO:**

- De 0 a 6 m<sup>3</sup>: 0,1369 €/m<sup>3</sup>.
- De 7 a 14 m<sup>3</sup>: 0,2282 €/m<sup>3</sup>
- De 15 a 30 m<sup>3</sup>: 0,4566 €/m<sup>3</sup>
- De 31 a 50 m<sup>3</sup>: 0,6392 €/m<sup>3</sup>
- Máis de 50 m<sup>3</sup>: 1,1129 €/m<sup>3</sup>

**USO COMERCIAL E INDUSTRIAL:**

- De 0 a 6 m<sup>3</sup>: 0,3264 €/m<sup>3</sup>.
- De 7 a 14 m<sup>3</sup>: 0,4719 €/m<sup>3</sup>
- De 15 a 30 m<sup>3</sup>: 0,6825 €/m<sup>3</sup>
- De 31 a 50 m<sup>3</sup>: 0,8844 €/m<sup>3</sup>
- De 51 a 100 m<sup>3</sup>: 1,2242 €/m<sup>3</sup>
- Máis de 100 m<sup>3</sup>: 1,5901 €/m<sup>3</sup>

**DERECHOS DE ACOMETIDA RED DISTRIBUCIÓN:** 79,07 €

**DERECHO DE ENGANCHE Y COLOCACIÓN CONTADOR:** 39,50 €

**TARIFA DE ALUGUER DE CONTADORES:**

- Alquiler contador 13,15,20 mm: 2,2684 €/bimestre
- Alquiler contador 25,30 e 40 mm: 5,2726 €/bimestre
- Alquiler contador mayor de 40 mm: 26,6088 €/bimestre.

Art. 6º. Beneficios fiscais.

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

Art. 7º. Devengo.

1. Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuir dende o momento en que se inicia a prestación do servizo, realizándose a súa facturación e cobro con carácter bimestral.

Art. 8º. Infraccións e sancións.

Nesta materia estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

Art. 9º. Xestión.

- As persoas ou entidades interesadas na prestación do servizo deberán presentar solicitude por escrito na que se detalle o lugar para que se solicita.

- En caso de vivendas ou edificios de nova construción deberán obter previamente a correspondente licenza de primeira ocupación.

- Autorizada a prestación do servizo entenderase prorrogado mentras non se presente a declaración de baixa polo interesado.

- Cando remate a necesidade do servizo, por cambio de propietario ou declaración de ruína do inmovible, os suxeitos responsables formularán as declaracións de baixa no padrón da taxa e surtirán efectos no período natural seguinte ó da súa presentación. A non presentación da baixa determinarán a obriga de continuar aboando a taxa.

DISPOSICION DEROGATORIA.

Queda derogada a anterior ordenanza nº 10 reguladora da taxa polos servizos de distribución de auga e utilización de contadores e instalacións análogas cando ditos servizos e suministros sexan prestados por entidades locais, que foi modificada no Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de 29 de marzo de 2022,(publicada aprobación inicial no BOP nº 127 de 4/06/2022), aprobada definitivamente e publicada no B.O.P. nº 201 de 02/09/2022.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza foi modificada polo Pleno do Concello en sesión de 28 de novembro de 2024, entrará en vigor e producirá efectos a partir da data da súa publicación definitiva no BOP de Lugo, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Mondoñedo, 20 de xaneiro de 2025.- O alcalde, Manuel Angel Otero Legide.

R. 0142

---

### *Anuncio*

#### **APROBACIÓN DEFINITIVA.**

Elevándose a definitivo o acordo adoptado polo Pleno da Corporación, na sesión que tivo lugar o día 28 de novembro do 2024, de aprobación provisional da modificación da ordenanza fiscal nº 10 reguladora da taxa por servizos de distribución de auga e utilización de contadores e instalacións análogas cando ditos servizos e suministros sexan prestados por entidades locais., e non presentándose reclamación durante o período de exposición ao público, e dando cumprimento ao artigo 17.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, transcribe o texto íntegro da mesma.

#### **ORDENANZA Nº 15 REGULADORA DA TASA POR PRESTACION DE SERVICIOS DE SUMIDOIRO.**

##### FUNDAMENTO LEGAL

Artigo 1º.

De conformidade co disposto nos artigos 5 a 19 do R.D. Lei. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido das Facendas Locais, establécese a taxa pola prestación dos servizos de alcantarillado.

##### OBRIGA DE CONTRIBUÍR

Artigo 2º.

1. Feito imponible. Constitúe o feito imponible da taxa a actividade municipal, técnica e administrativa tendente a verificar si se cumpren as condicións necesarias para autorizar a acometida á rede de alcantarillado municipal. Así como a prestación do servizo de evacuación de augas pluviais, negras e residuais a través da rede de alcantarillado municipal (e no seu caso de augas residuais).

2. Obrigación de contribuír. A obrigación de contribuír nace dende que teña lugar a prestación do servizo.

3. Suxeito pasivo. Están obrigados ao pago da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, e as entidades ás que se refire o artigo 34.5 da Lei Xeral Tributaria, que resulten beneficiarios.

**ADMINISTRACIÓN E COBRANZA.****Artigo 3º.**

1. Anualmente formarase un padrón no que figuren os contribuíntes e as cotas respectivas que se liquiden, por aplicación da presente ordenanza, o que será exposto ao público por quince días a efectos de reclamacións previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e por pregóns e edictos na forma acostumada na localidade.

2. Transcorrido o prazo de exposición ao público, o Concello resolverá sobre as reclamacións presentadas e aprobará definitivamente o Padrón que servirá de base para os documentos cobratorios correspondentes.

**Artigo 4º.**

As baixas deberán cursarse, ao mais tardar, o último día laborable do respectivo período, para surtir efectos a partir do día seguinte. Quenes incumpran tal obrigaón seguirán suxeitos ao pago da exacción.

**Artigo 5º.**

As altas que se produzan dentro do exercicio, surtirán efecto dende a data en que naza a obriga de contribuír, pola Administración procederase a notificar aos suxeitos pasivos a liquidación correspondente á alta no padrón, con expresión de:

- a) Os elementos esenciais da liquidación.
- b) Os medios de impugnación que poidan ser exercidos, con indicación de prazos e organismos en que haberán de ser interpostos; e
- c) Lugar, prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria.

**Artigo 6º.**

No suposto de licenza de acometida o contribuínte deberá formular a correspondente solicitude. Concedida a licenza, practicarase a liquidación que proceda que será notificada para ingreso directo na forma e prazos que sinala o Regulamento Xeral de Recadación.

**EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS.****Artigo 7º.**

Non se concederá exención ou bonificación algunha.

**BASE IMPOÑIBLE E CUOTA TRIBUTARIA****Artigo 8º.**

1. A cota tributaria corresponde á concesión de licenza de acometida á rede de sumidoiro esixirase por unha soa vez e consistirá na cantidade fixa de 15,54 € e, polos dereitos de enganche de 7,45 €.
2. A cota tributaria pola prestación de servizos e, no seu caso, depuración das augas residuais, determinarase en función dos metros cúbicos de auga utilizada, aplicándose a seguinte

**TARIFA:****DOMÉSTICO****COTA FIXA SANEAMENTO: 3.19 €/bimestre**

- De 0 a 6 m<sup>3</sup>: 0,0685 €/m<sup>3</sup>.
- De 7 a 14 m<sup>3</sup>: 0,1140 €/m<sup>3</sup>
- De 15 a 30 m<sup>3</sup>: 0.2281 €/m<sup>3</sup>
- De 31 a 50 m<sup>3</sup>: 0.3194 €/m<sup>3</sup>
- Máis de 50 m<sup>3</sup>: 0,4790 €/m<sup>3</sup>

**COMERCIAL E INDUSTRIAL****COTA FIXA SANEAMENTO: 3,19 €/bimestre**

- De 0 a 6 m<sup>3</sup>: 0,1254 €/m<sup>3</sup>.
- De 7 a 14 m<sup>3</sup>: 0,1814 €/m<sup>3</sup>
- De 15 a 30 m<sup>3</sup>: 0.2623 €/m<sup>3</sup>
- De 31 a 50 m<sup>3</sup>: 0.3399 €/m<sup>3</sup>
- De 51 a 100 m<sup>3</sup>: 0,3764 €/m<sup>3</sup>

- Máis de 100 m<sup>3</sup>: 0,5362 €/m<sup>3</sup>

#### INFRACCIÓNS E SANCIÓN

##### Artigo 9º.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da lei xeral tributaria, conforme se ordena no artigo 11 do R.D.Lei 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido das Facendas Locais.

#### PARTIDAS FALLIDAS.

##### Artigo 10º.

Consideraranse partidas fallidas ou créditos incobrables, aquelas cotas que non puideran facerse efectivas polo procedemento de apremio, para o que se formalizará o oportuno expediente de acordo co previsto no vixente Regulamento Xeral de Recadación.

#### DISPOSICION DEROGATORIA.

Queda derogada a anterior ordenanza nº 15 reguladora da taxa por prestación de servizos de sumidoiro, modificada en sesión ordinaria de 29 de marzo de 2022, (publicada aprobación inicial no BOP nº 127 de 4/06/2022), aprobada definitivamente e publicada no B.O.P. nº 201 de 02/09/2022.

#### DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza foi modificada polo Pleno do Concello en sesión de 28 de novembro do 2024, entrará en vigor e producirá efectos a partir da data da súa publicación definitiva no BOP de Lugo, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Mondoñedo, 20 de xaneiro de 2025.- O Alcalde, Manuel Angel Otero Legide.

R. 0143

---

## MURAS

### *Anuncio*

#### Aparición res mostrenca en Muras

O pasado 21 de outubro de 2024 un veciño da localidade pon e coñecemento a aparición dunha res equina na súa propiedade de A Balsa. En data 18 de novembro decrétase a incautación e noméase depositario do animal á empresa Transporte de animais vivos Rubén Carballeira, nas súas instalacións de Piñeiro (Xermade), concello de Xermade. Consonte a normativa aplicable (artigo 86.4 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia; e artigo 28 do Decreto 142/2012, do 14 de xuño, que regula o destino dos bens mostrencos), ábrese un período de información pública de dez días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que as persoas propietarias as reclamen. No caso de que ninguén as reclame, o Concello procederá consonte ao artigo 28.1 do Decreto 142/2012.

Muras, 20 de xaneiro de 2025.- O Alcalde, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 0144

---

## O PÁRAMO

### *Anuncio*

Aprobado por Resolución da Alcaldía de **data 3/01/2025**, o Padrón de contribuíntes do prezo público do servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de **DECEMBRO** de 2024, polo importe total de **3.583,88€**.

Por medio do presente exponse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.



---

O Páramo, 3 de xaneiro de 2025.- O Alcalde, José Luis López López.

R. 0145

---

## A POBRA DO BROLLÓN

### *Anuncio*

CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL AO ABEIRO DO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS - PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO 2024

POSTO DE TRABALLO: 3 PEONS DE SERVIZOS MÚLTIPLES

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: No Rexistro Xeral do Concello da Pobra do Brollón ou a través de calquera dos medios que prevé o artigo 16.4 da Lei 39/15, de 01 de outubro, no prazo de 10 días naturais, contados a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP.

No suposto de presentarse a instancia fóra do Rexistro Xeral do Concello da Pobra do Brollón, será necesario adiantala por correo electrónico, antes do remate do prazo, para que sexan tidas en conta.

SISTEMA DE SELECCIÓN: Concurso-oposición, segundo o establecido nas bases que se encontran a disposición no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello da Pobra do Brollón, <https://concelloapobradobrollon.sedelectronica.es/info.0>

A Pobra do Brollón, 20 de xaneiro de 2025.- O Alcalde, Xosé Luis Maceda Vilariño.

R. 0146

---